

Endesa xa puxo data ó arranque temporal da central térmica das Pontes

O arranque proposto por Endesa para o 22 de novembro suporá un xiro a unha situación que se iniciou o 27 de decembro de 2019, coa solicitude de peche dos catro grupos de carbón pola falta de competitividade debida ao incremento substancial do prezo dos dereitos de CO2 e da forte caída do prezo do gas. Nestas semanas fixo unha importante compra de carbón para manter en funcionamento un dos grupos e oficializouse a volta de 20 empregados que foron desprazados a outros lugares do Estado, pero que teñen orde de quedar nas Pontes só ata o 30 de decembro. **Pax. 8**

As axudas da polémica

A xestión municipal das achegas pola covid xerou múltiples críticas polo seu retraso tanto dos grupos da oposición como do colectivo empresarial



O Concello de Vilalba por fin aprobou as ansiadas axudas ao sector da hostalaría afectado polos peches durante as restricións da covid. Estas achegas non estiveron exentas de polémica pois tardaron 10 meses en ser publicadas e convocadas e fixo falta un convenio co grupo político Vilalba Aberta para que puidesen ver a luz. Finalmente, o Concello vilabés destinará 350.000 euros para elas divididas en función do tipo de negocio. Así mesmo, foi necesario outro acordo para aprobar as subvencións a asociacións e entidades que desenvolven o seu traballo no municipio. **Pax. 2**

friol. Licitan as obras de saneamento na parroquia de Roimil. **Pax. 12**

guitiriz. Compromiso da Deputación para ampliar o centro de día. **Pax. 16**

rábade. Rematan os traballos na contorna da ponte medieval. **Pax. 17**

abadín. A Xunta estuda o proxecto da residencia de maiores. **Pax. 20**

begonte. Firman o convenio para a reforma do colexio de Baamonde. **Pax. 21**

deportes. O SD Muimenta fixo cambios para mellorar O Pichón. **Pax. 26**

terrachá. Os colectivos únense contra os proxectos eólicos. **Pax. 29**

Preparan o Mercado de Nadal



Muimenta acollerá a súa décimo terceira edición. **Pax. 14**

Muras recupera a feira apícola



A Feira do Mel volve á normalidade o 20 e 21. **Pax. 19**

Volve a ruta das Tapas da Pastoriza



Será a fin de semana do 19 ao 21 de novembro. **Pax. 23**

A Deputación esixe á xunta realizar as obras pendentes

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia a dotación de fondos económicos e un plan de execución para os proxectos pendentes. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de outubro tras unha

proposta presentada polo Goberno provincial. A institución provincial reclámalle ao Executivo autonómico que se acaden niveis de compromiso coa provincia e se fixen dotacións orzamentarias.. **Pax. 24**

Frena su miopía, no su futuro.

BRILLIANT FUTURES™
WITH MiSight™ 1 day

Listos para enfrentarnos a la miopía

MiSight 1day
Las lentes de contacto que han demostrado que ralentizan significativamente la progresión de la miopía

Pide cita y te asesoramos sin compromiso

NOVALUX
óptica & centro auditivo

VILALBA
Tel. 982 510 100
Nº R.S. E-27-000151 / E-27-000133

AS PONTES
Tel. 981 45 15 04
Nº R.S. E-15-000224 / E-15-001170

f

Lois Pérez gaña o V Premio Agustín Fernández Paz

O Instituto de Estudos Chairegos, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia comunicaron durante o acto de entrega do IV Premio Agustín Fernández Paz a Iria Misa, de que xa hai gañador da nova edición, o V Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade, e este é o lucense Lois Pérez Díaz e a súa obra A Gruta da Torre presentada baixo o lema ou pseudónimo de Un peso sempre se gastou.

O xurado estivo formado por Iria Misa Peralba, gañadora do premio 2020, Manuel Bragado Rodríguez e Xosé Lastra Muruais.

O xurado salienta da obra gañadora o interese da trama que se desenvolve no verán de 1990 en Ribadeo en espazos recoñecibles así como polo seu carácter como historia de formación protagonizada por un



grupo diverso de rapaces e rapazas que emprenden unha viaxe de descuberta seguindo o fío das viaxes nos libros e na memoria. Escrita con mestría, empregando diversos recursos e rexistros, a novela mantén un pulso narrativo que non decae.



CONCURSO DE TAPAS. Anunciaron os establecementos premiados no II Concurso de Tapas. O primeiro premio foi para Mesón do Campo, coa tapa Revolto de boletus e kikos. A segunda posición é para Casa Maragata, quen preparou unha Tosta de ovo con xamón e queixo San Simón. Por último, a terceira praza do concurso é para o Bar A Magdaleña, quen presentou ao certame Flamenquines de cachena.

Polémica nas axudas pola covid

O Concello logra sacar adiante grazas a un convenio con Vilalba Aberta as subvencións á hostalaría, moi criticadas estes meses polo seu retraso e xestión

Tras meses de reclamacións e esperas e tras ser aprobadas en varias ocasións en sesión plenaria, as esperadas axudas ao sector hostaleira municipal afectado polos peches durante as restricións da covid foron finalmente aprobadas. Fixo falta chegar a un convenio con Vilalba Aberta para esto puidese levarse adiante.

Esta liña de axudas dirixese a aquelas empresas ou autónomos/as do municipio que tiveron que pechar os seus establecementos nalgún momento dende que se declarou o Estado de Alarma de marzo de 2020 ou outras medidas restritivas posteriores aplicadas dende o Estado ou pola Comunidade Autónoma para xestionar a crise sanitaria.

O obxectivo destas axudas é protexer e apoiar ao tecido produtivo e social do municipio, atenuando así as consecuencias negativas do peche de negocios e da implícita baixada de ingresos neste período, dando pulo á recuperación económica.

En total, o concello de Vilalba destinará 350.000 euros a esta liña de axudas. Establécense varios grupos beneficiarios destas axudas, en función do tipo de negocio, cuxos importes son de 850, 1.300, 2.000 e 5.000 euros.

O prazo para solicitar estas axudas remata o mércores 17 de novembro de 2021.

PARTIDO POPULAR. A posta en marcha destas axudas foi moi criticado polo Partido Popular que criticou o feito de que tardara "10 meses



Modesto Renda e Elba Veleiro, na firma do acordo

en publicar e convocar as axudas a asociacións" de forma que "son os veciños os que sofren a súa falta de xestión e de organización. Estivo máis preocupado en resolver os seus problemas internos que de apoiar aos vilalbeses".

"O tecido asociativo do noso concello tivo que agardar 10 meses a que o PSOE se puxera de acordo con Vilalba Aberta, despois de romper unilateralmente o seu pacto de goberno, para outorgar as subvencións aos colectivos vilalbeses". Así o sinalou Sandra Vázquez, que exerceu por primeira vez como voceira do Grupo Municipal Popular no pleno extraordinario deste venres convocado con 18 horas de antelación que considerou "con moita urxencia e pouca transparencia"; cando "a relación nominal de subvencións se debería abordar nalgún dos plenos ordinarios aos que o goberno local non leva nada".

SUBVENCIÓNS ASOCIACIÓNS. Outro acordo entre as mesmas forzas

políticas foi necesario para que o Pleno puidese aprobar as subvencións nominativas destinadas ás entidades e asociacións de diferentes eidos que desenvolven o seu traballo no municipio.

En concreto, o concello destinará 308.400 euros a apoiar as actividades destas entidades sociais, veciñais, empresariais, educativas, culturais ou deportivas, nas que participan milleiros de veciños e veciñas.

SEGUNDA LIÑA DE AXUDAS. Por outra banda, o grupo municipal de Vilalba Aberta presentou unha proposta á alcaldesa, co obxectivo da apertura dunha segunda liña en beneficio daquelas actividades que ficaron fóra.

O obxectivo do colectivo é que estas novas axudas poidan estar xa aprobadas coincidido co remate da tramitación das correspondentes á primeira liña, pois, entenden, "deste xeito non habería lugar a pór como escusa problemática de persoal".

ELECTRICIDAD

MONCHO  SANTOME

TRAÍGANOS SU FACTURA DE LUZ
 El 97% de las personas que nos trae su factura de la luz **CONSIGUE AHORRAR**

- Instalaciones eléctricas en general
- Líneas de media y baja tensión
- Antena TV
- Instalación voz y datos
- Instalaciones de energía solar
- Tienda de material eléctrico
- Lámparas

Telf. Oficina y Tienda 982 512 444 - Vilalba
 monchoysantome@yahoo.es
 www.monchoysantome.com



ÚLTIMAS VIVIENDAS DE 97 A 112 m²



Edificio céntrico y bien situado

- Ascensor hasta la planta bajo cubierta, zona trasteros.
- Trasteros con ventana exterior y toma para lavadora.
- Fachada ventilada de cantería.
- Instalación fotovoltaica para ahorro de electricidad en la comunidad de vecinos.
- Instalación solar térmica para producción de agua caliente.
- Amplias plazas de garaje.

PIDA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO



FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

982 512 444 - 659 080 853 - www.folgueirasinversiones.com

“Queremos que se fagan as cousas, danos igual quen as faga”

Álvaro Fraga, presidente da asociación de comerciantes Sete Pontes

A Asociación de empresarios Sete Pontes de Vilalba é unha das máis numerosas da capital chairega, xa que acolle actualmente a 210 empresas, tanto as pequenas como as grandes firmas da zona.

Cando e como se crea a asociación?

A asociación nace no 1991 constituíndose coma unha entidade sen ánimo de lucro, formada por persoas físicas e xurídicas, coa finalidade de realizar unha actividade colectiva e de forma estable. O noso obxectivo principal é defender os intereses dos socios e asociados, representándoos ante a Administración pública e asesorándoos en todas aquelas facetas que necesiten. E si nós non podemos, pois buscamos quen o faga.

O que facemos é representar, xestionar os intereses dos empresarios asociados ante entidades públicas e privadas, representar e intervir nos convenios e confitos dos empresarios, si así o necesitan porque temos un convenio cun bufete de abogados. Tamén temos como función establecer e colaborar con organismos oficiais os servizos comúns para os asociados, como pode ser seguridade, formación ou actos; ou mesmo organizar actividades de carácter informativo e formativo en materias que lles facilite aos nosos socios o desenvolvemento das tarefas diarias.

Que actividades realizan?

Temos moitísimas actividades. A nivel de comercio, por exemplo, organizamos a Feira de Oportunidades e o desfile, a campaña de nadal, a Noite Aberta, Comercio na Rúa, as distintas campañas da Federación de Comercio. En hostalaría temos as xornadas gastronómicas, os concursos de tapas; e en xeral a festa

do polígono ou mesmo a gala de empresarios, que só se puido facer unha pero que a idea é continuar.

Cantos socios son?

Agora mesmo somos 210, dende pymes pequenas a outras de calado como poden ser Entrepinares ou Besnier. Si é certo que estas grandes empresas non dependen de nós porque teñen os seus propios gabinetes pero colaboraban con nós apoiando todo. Este volume tan alto de empresas supón englobar tamén a todos os traballadores o que nos convirte no núcleo de poboación máis importante da vila, xa que representamos a un 80% dos traballadores e empresas de Vilalba. As que non están moitas veces é por descoñecemento pero algo debemos estar facendo ben cando cada ano crecemos entre un 15% e un 20%. A xente realmente se asocia e se o fai é porque confía e ve que estás facendo un traballo positivo por todos eles.

Cales son as necesidades do empresario?

Unha das cousas polas que levamos loitando tempo, que xa estaba enfocada de anos anteriores, e lle trasladamos ao novo equipo de Goberno, é que temos a nosa man tendida e teñen o noso apoio. O que necesitamos principalmente, e que tiña que estar xa desenvolvido, é unha parte importante da ampliación do polígono. Isto é fundamental e xa estaba enfocada e creo que dunha maneira acertada polos anteriores equipos de Goberno, xa que estaba previsto que fose o propio Concello quen executase esa ampliación, sen depender de terceiros, para abaratar os custos do solo e poder ofrecelo máis económico para atraer empresas. Ese é o enfoque que necesitamos, polo que

hai que traballar. Igual temos que ceder terreo pero hai que buscar que se asenten as empresas para crear riqueza ao mesmo tempo. Nós como asociación, entendemos que as administracións públicas, neste caso o Concello, teñen que facer todo o posible para crear esa riqueza no pobo. A nivel comercial, estamos traballando conxuntamente e día a día con todos e o que facemos é recoller as inxerencias que teñen e traballar para levalas a cabo, non influímos en nada que eles non queiran. O que facemos é buscar recursos e poñelos a disposición dos socios. A nivel disto temos unha queixa importante, hai un convenio firmado e aprobado por todos os grupos políticos en pleno dende hai casi dous anos, que xa tiña que terse levado a cabo e polo que a asociación recibe 40.000 euros, o cal estamos esperando e mentres temos que poñer nós os cartos para levar a cabo as iniciativas.

Hai algunha interferencia política neste senso?

Nos partimos dunha premisa: Queremos que se fagan as cousas, danos igual quen as faga. Somos unha asociación totalmente apolítica, o que non se pode pretender é que cando un se queixa dunha cousa levado ao tema político. Nós sempre lles tendimos a man a todos os grupos políticos, todos saben que esta é a súa casa e se a queren utilizar xa depende deles. Nese senso sempre lles traladamos nestes dous anos as mesmas inxerencias, que son básicas para o funcionamento do polígono centradas no mantemento, melloras e limpeza, e nese sentido nós sentímos deixados porque os poucos servizos que tiñamos, como os aparcadoiros, foron sacados. Pode-



mos entender que se saquen, pero antes hai que dar unha alternativa.

O último caso é máis doloroso. No aparcadoiro ao final da rúa Salgueiro, un terreo que é público e que ten sobre uns 10.000 metros cadrados, xente nada cívica tirou lixo alí. O que non pode facer o Concello é cortar o servizo por culpa desta xente. É un solo público que está dando un servizo e agora hai que ir ao Concello a pedir unhas chaves para abrir o candado e usalo. Son cousas absurdas coas que non estamos de acordo e solicitamos que se restablezca.

Tamén temos outra queixa porque aínda non se solicitou ante a Xunta, ou polo menos non se comunicou que se fixera, que Vilalba sexa un Concello Emprendedor, o que supón perder axudas para Vilalba. A asociación podería solicitar máis axudas das que pide pero non o pode facer porque están todas canalizadas a través dos concellos. Nese senso si que nos sentimos deixados. A Xunta si que é verdade que nos axuda no que pode pero ao final todo está pensado para que vaia canalizado así pero non podemos facer máis. É increíble que pase isto en Vilalba cun polígono e un sector empresarial dos máis fortes dentro da provincia.

Mantense unha situación tensa co Concello, entón.

E que non podemos cinguirnos a un tema político. Nós abrimos a man a todos e invitamos a todos a partici-

par pero podemos falar por exemplo que solicitamos varias reunións co equipo de Goberno e tivemos unha en dous anos e se están tomando decisións todos os días que nos afectan sen consultarnos e nós somos os maiores coñecedores do polígono. Dá a impresión de que se están tomando decisións por desquite. Nós ofrecemos absolutamente todo e o único que recibimos son patadas. Si boas palabras pero as cousas non se fan. Fixemos unha enquisa polas empresas do polígono, a xente está en contra das actuacións do equipo de Goberno, pero non só falamos dos gobernantes, estamos falando de toda a Corporación, porque tanto ten culpa o que non fai como o que consinte. Non é unha maioría, ao final o que non pode ser é que uns polos outros a casa sen barrer. O que estamos esperando son actuacións.

E de cara ao futuro,?

O tema do futuro é que temos que empezar a solucionar o presente antes. Non podemos pensar en traer empresas a Vilalba se non temos solo. Non se pode empezar a casa polo tellado. Primeiro temos que solucionar todo o que está mal antes de seguir avanzando. Primeiro hai solucionar os problemas do presente e despois empezaremos a traballar polo futuro. Si que temos perspectivas pero malamente podemos solucionar o que vén se non solucionamos o de hoxe.

Medinformática
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

SOLUCIONES DE IMPRESIÓN A LA MEDIDA DE TUS NECESIDADES



O novo parque da praza da Constitución

Rematan obras en dous parques infantís e licitan camiños nas parroquias

O Concello de Vilalba sacou a licitación por máis de 164.000 euros as obras de renovación e rexeneración de máis dunha ducia de vías de titularidade municipal nas parroquias de Goiriz, Sancovade, Santaballa, Lanzós, Corvelle, Román e Tardad.

En concreto, os traballos serán no acceso a Corvite (Vilalba); ao núcleo de Pumariño (Goiriz); a pista Os Muíños (Sancovade); o acceso a Vesura e As Veigas (Santaballa); os accesos a Vilate e Fontevella (Lanzós); o acceso a Broz (Goiriz); o acceso ás Chousas (Corvelle); os accesos a Igrexa, O Valiño, A Revolta e A Carboeira (Román), e o acceso a Os Tineos (Tardad).

Días despois o Goberno local sacou a licitación unhas obras destinadas á pavimentación, conservación, limpeza de noiros e sinalización de distintas vías de titularidade municipal situadas nas parroquias de Nete, Ladra, Distriz e Rioaveso que contan cun orzamento que rondará os 70.000 euros e se realizarán con fondos do Concello, sen ningunha aportación da Xunta de Galicia.

Por outra banda xa remataron as obras de rexeneración e sinalización da vía de titularidade municipal

065_001, no tramo que comunica o colexio de Román coa estrada provincial LU-P-6504, situada entre as parroquias de Román e Árbol. Os traballos contaron cun orzamento de 122.000 euros.

PARQUES INFANTÍS. Os veciños e de Vilalba poden desfrutar do parque infantil da alameda de Basanta Olano tras a súa renovación integral por parte do Concello. A actuación consistiu na renovación do pavimento amortiguador de seguridade, a colocación dun sumidoiro que recolla as augas pluviais da praza e elimine os problemas de humidade, a retirada dos xogos existentes e a colocación de novos xogos e aparatos homologados. Tamén se colocaron mamparas de policarbonato na parte norte e oeste do parque, co obxectivo de evitar as caídas a distinto nivel e cumprir coa normativa vixente. Na praza da Constitución tamén contan cun novo espazo de xogos infantís e biosaudables, un gran espazo de lecer con xogos infantís adaptados a todas as idades e aparatos adaptados ao coidado da saúde e da mobilidade das persoas adultas.

O CEIP Terra Chá desdobra un aula en infantil pola subida da matrícula

Debido ao incremento excepcional de matrícula, a Consellería de Educación, considera oportuno desdobrar a unidade infantil de 4º e 5º do CEIP Terra Chá, que era unha unidade mixta con 20 alumnos en total.

Deste modo, dende mañá, 8 de novembro, pasarán a funcionar como dúas unidades independentes, cada unha co seu titor, e sumado a xa existente unidade de 6º de infantil, o colexio pasa a ser un centro completo na etapa de educación infantil, ó igual que os centros do casco urbán de Vilalba, como os CEIP Mato Vizoso e Insua Bermúdez.

O CEIP Terra Chá vén experimentando un continuo incremento de matrícula na etapa de educación infantil dende o curso 2018/19 cando só había unha unidade mixta para 4º, 5º e 6º de Infantil con 16 alumnos en total. En Só dous anos, conta xa coas 3



Un dos proxectos de mellora do colexio

unidades de infantil, que fan a suma de 31 alumnos, incrementando así a matrícula nun 50%.


Segundo explica o seu director, José Manuel López Barrio, o investimento que se está a facer no centro educativo (parques infantís, mobiliario, profesorado, codiador, aseos integrados

en infantil...) continúa e "está dando os seus froitos, así como o trato cercano e familiar, e a participación do centro en programas de innovación e mellora educativa, o que fai que sexa o único centro rural da provincia de Lugo, que presenta a etapa de educación infantil completa".

Brais Lamela gaña o certame de poesía Xuventude Crea

A Xunta deu coñecer os gañadores dos certames de Poesía e Novela curta do programa Xuventude Crea 2021: Brais Lamela Gómez, de Vilalba, e a ourensá Alba Guzman Falcón, respectivamente. Cada un deles recibirá unha gratificación económica de 3.000 euros, ademais de apoio na difusión dos traballos galardoados.

Na modalidade de Poesía o xurado recoñeceu a profundidade filosófica, a modernidade e o manexo dos recursos literarios que fai Brais Lamela na obra que presentou a concurso: A linguaxe dos outros. En



segundo lugar quedou Judith Ruso Pereiro, de Negreira, con Hábitat hostil; e a terceira clasificada foi a santiaguesa Navia Rivas Castro con Aprender a respirar. Un total de 38 propostas competiron este ano por facerse co galardón de Poesía.

Organizan un obradoiro micolóxico en Nete o día 27

A Asociación de Veciños San Cosme de Nete organiza un obradoiro de micolóxico de setas e cogumelos que se impartirá o 27 de novembro a cargo da Sociedade Micolóxica Lucus. O obradoiro consistirá nunha parte teórica na que se indicarán as diferentes variedades de cogumelos e como recollelos axeitadamente. Logo da parte teórica, os asistentes participarán nunha recollida de setas e cogumelos pola contorna da Escola e finalizará cunha degustación de diferentes formas de preparar estes produtos elaboradas polo chef Miguel Ángel Díaz. O prazo para anotarse rematará o 20 de novembro.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

DISTRIBUIDOR OFICIAL



STARK
ET ALIQUO



DESCUENTOS ESPECIALES...



...desde un 70%
en rodamientos
populares

...y desde
un 60%
en correas
industriales



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

O Lois Peña Novo, na vangarda

O instituto vilalbés é o primeiro centro de FP en contar cun vehículo de hidróxeno para formarse nas últimas tecnoloxías

O IES Lois Peña Novo de Vilalba presentou un proxecto de innovación educativa centrado na creación dunha unidade didáctica sobre o funcionamento dos vehículos de pila combustible Fuel Cell.


A iniciativa parte do departamento de Transporte e Mantemento de Vehículos do centro ao abeiro da convocatoria de programas de Innovación didáctica na Formación Profesional que realiza a Consellería de Cultura, Educación e Universidade. No programa participan os seis profesores do centro así como outros dous, un do IES Castro da Uz das Pontes, e o CIFP Ferrolterra de Ferrol. O centro fíxose cun Toyota Mirai de hidróxeno, sendo desde modo o primeiro centro de FP en contar con este vehículo, que non se comercializa en España e que tampouco está á venda do público.

Segundo expuxeron desde o IES, a proposta xurdiu do interese de varios docentes do centro en formarse sobre as últimas tecnoloxías no ámbito da mobilidade e a sostibilidade medioambiental, co obxectivo de achegar recursos didácticos innovadores para o alumnado da familia de Transporte e Mantemento de Ve-

hículos, xa que se trata dun contido pioneiro na ensinanza de FP. Deste modo, o grupo de estudo analizará o funcionamento, mantemento e riscos deste vehículos para levar o coñecido ás aulas e elaborar unha unidade didáctica sobre o funcionamento dos vehículos de pila combustible Fuel Cell.

O vehículo chegou a Vilalba procedente de Alemaña tras un rastreo por internet do grupo de mestres participantes e procede dunha frota de coches de aluguer.

O proxecto estima que o vehículo de pila de combustible de hidróxeno é un gran vector a empregar no sector da automoción para todo tipo de vehículos que percorren longas distancias ou levan grandes cargas (turismos, vehículos industriais,



Auga extraída do escape

trens...) e fai fincapé no seu rápido reabastecemento e baixas emisións. O feito que chama máis atención é que o vehículo emite auga polo tubo de escape, auga que pode reutilizarse para rego e lavado.

O centro fixo unha presentación oficial do seu vehículo ante as autoridades autonómicas e locais.

O vehículo de pila de combustible de hidróxeno é un futuro que xa está no presente do sector da automoción, un gran vector a utilizar en turismos, vehículos industriais, trens e todo tipo de vehículos que necesitan recorrer longas distancias ou grandes cargas.

O seu rápido reabastecemento e baixas emisións están a impoñer o seu uso, evitando a dependencia de recursos fóra do noso país.

Valéndose do hidróxeno para xerar electricidade, o vehículo non só ten un impacto ambiental mínimo, senón que ademais ofrece todo o que se espera dun vehículo de nova xeración: un deseño inmediatamente reconecible; unha condución novidosa (resultante do seu baixo centro de gravidade), e unha aceleración silenciosa e potente grazas ao seu motor eléctrico.



Arriba, os profesores cos coches de hidróxeno

Inviste en Friol



CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol




JRoca
INMOBILIARIA

ROCA & PRADO
ABOGADOS

Torre, Vilalba
Casa / Chalet independente | 4 Dorm | 1 Baño | 140m² **85.000€**
En la localidad de Torre, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar de planta baja y piso, fachada en piedra, en la que hay cuatro habitaciones, sala, cocina y un baño. La vivienda dispone de un garaje una finca cerrada de 591 metros cuadrados. En el precio se incluye el mobiliario. La vivienda está situada a unos 7 km de Vilalba (Lugo) y a unos 8 km de la localidad de Boamonde.

Calle Lameirón, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 650m² **90.000€**
Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.

Chao Ledo 1, Vilalba
Local | 180m² **110.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende entreplanta muy céntrica, esta dividida en varias dependencias; pero es fácil su remodelación si el negocio que se quiere montar precisa otra distribución. El local dispone calefacción de gas ciudad. El acceso al local se hace a través de una escalera; pero hay espacio suficiente para un elevador si fuese preciso.

N-634 29, Vilalba
Casa / Chalet independente | 6 Dorm | 2 Baños | 220m² **150.000€**
En la parroquia de Goiriz, municipio de Vilalba (Lugo), se vende chalet individual de 114 metros con un garaje y otros alpendres de 94 metros. La vivienda tiene 2 habitaciones, comedor, sala y dos baños en la planta baja y dos habitaciones, un aseo y varios trasteros en la planta de arriba. La finca tiene una superficie de 5.600 metros cuadrados. Se trata de terreno edificable, con lo cual, es posible vender parte de la finca con la casa, lo que llevaría aparejado una rebaja del precio.

Suso Gayoso 11, Vilalba
Local | 280m² **180.000€**
Se vende o alquila local en esquina en el centro de Vilalba (Lugo), tiene 140 metros en planta de calle y 144 metros en el sótano. Se trata de la antigua oficina del Banco Santander.

Avenida Terra Cha 142, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 100m² **70.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), en concreto en la Avda. Terra Cha, se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Dispone de una plaza de garaje, un trastero y ascensor. Tiene calefacción de gas ciudad. El piso se vende con el mobiliario.

Avenida de Galicia, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 100m² **25.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso cuarto sin ascensor, de 4 habitaciones y sala, baño y aseo y cocina. La vivienda tiene calefacción individual de gasoil y dispone de un trastero en el bajo cubierta.

Campo de Puente 11, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 115m² **59.000€**
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico de 3 habitaciones, comedor y sala, 2 baños y cocina. Dispone de trastero, ascensor y calefacción individual de gas ciudad.

Novo Cazón, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 120m² **117.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, de 3 dormitorios y sala, dos baños y cocina. La vivienda se vende totalmente amueblada. Dispone de una plaza de garaje y un trastero en la zona del garaje y otro en el bajo cubierta.

N-634 621, Vilalba
Casa / Chalet independente | 1 Dorm | 1 Baño | 30m² **44.000€**
En las proximidades de Vilalba (Lugo), se vende chalet de una habitación, baño, cocina y una finca de unos 1500 metros. Muy próximo al restaurante Montero.

Inmobiliaria JRoca Plaza Suso Gayoso - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720
Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720
www.rocaabogados.info

Desenvolven un programa cultural dedicado á muller este mes

Vilalba conta este mes cunha programación de actividades ao redor da igualdade de xénero. Serán distintos escenarios os que acollan un total de 9 accións para concienciar sobre a necesidade de mudar as desigualdades entre homes e mulleres e acabar coas distintas violencias que se exercen sobre estas.

O programa de actividades que xa comezou, continuará o venres 19 de novembro Nuria Prieto presentará no les Santiago Basanta Silva o libro *Calladita no eres más bonita* da Editorial Meraki, que recolle as historias en primeira persoa de mulleres novas que viviron situacións de violencia machista. Unha desas mulleres acompañará á autora e dará unha charla ao alumnado do centro.

A poeta vilalbesa Luz Airado fará a presentación do seu libro *Instintos*, da editorial Medulia, con ilustracións de Viky Rivadulla, na Casa da Cultura o venres 19 de novembro ás



19 horas. Unha obra con marcado carácter feminista que afonda sobre distintos aspectos que afectan ás mulleres desde que nacen cunha mirada comunitaria e colectiva.

O sábado 20 de novembro chegará *Tabú* ao Auditorio ás 20 horas, o novo espectáculo de Carmen Conde que nace das conversas recollidas

con mulleres de entre 70 e 95 anos no Valmiñor, o Morrazo, O Courel, a Mariña Lucense, a Costa da Morte e o Couto Mixto sobre a súa vida erótica e sexual de xuventude. Un show de narración oral que pode explicar o que somos agora nós: as fillas do tabú.

O propio 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, o Concello de Vilalba sacará unha campaña polas redes sociais na que participan distintas persoas de sectores do municipio.


Para finalizar, *Eu, mi, me, comigo: sexualidade(s) con agarimo* será o obradoiro impartido pola educadora social e psicoterapeuta Noelia Darriba nunha colaboración entre a Biblioteca Municipal e a Asociación Feminista de Vilalba. Terá lugar ás 19:30 horas do 26 de novembro e será necesario inscribirse na propia biblioteca, no whatsapp 626 39 93 29 ou chamando ao 982 51 22 32.

Entrepinares recibe un premio nos Cheese & Dairy Awards

O queixo Ovella Cru Vello A Reserva de Queserías Entrepinares alzouse co ouro no prestixioso certame internacional Internacional Cheese & Dairy Awards 2021 celebrado en Nantwich, Reino Unido. Este queixo de ovella de Entrepinares situouse no máis alto do pódium dentro da categoría Mellores queixos de ovella de pasta prensada elaborados fóra de Reino Unido.

Adicionalmente, Queserías Entrepinares foi recoñecida coa mención especial Mellor produtor de queixo de ovella, pola asociación de produtores de ovino The National Sheep Association.

Os Premios Internacional Cheese & Dairy Awards 2021 son a maior plataforma do mundo no sector para defender aos produtores de queixo e produtos lácteos a nivel mundial.



MURAL. Inaugurouse un mural na rúa Cotarón, obra de Miguel Peralta, do colectivo Cestola na Cachola, que representa a un músico tocando debaixo da árbore de Pravia e da continuidade a outro mural realizado na praia fluvial.

O obradoiro Terra Chá centrase na dixitalización do arquivo e nas obras de Coronel Peña

Vilalba, en colaboración con Abadín, acolle o obradoiro de emprego Terra Chá no Camiño II, que rematará en xullo de 2022 coa participación de 20 alumnos.

No caso de Vilalba, haberá seis alumnos formándose en Operacións auxiliares de gravación e tratamento de datos e documentos, seguindo co proxecto de Organización e dixitalización do arquivo municipal de Vilalba; e oito alumnos en Pavimentos e albanelaría de urbanización, desenvolvendo a súa formación co proxecto humanización da travesía Coronel Peña no casco urbano de Vilalba.

Trátase dun programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas para a obtención de cualificacións profesionais, ao mesmo tempo que desenvolven un traballo produtivo de utilidade pública e interese social.



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



Rehabilitación vía LU-P-2303, que comunica Parga con Santalla pasando por Pedrafita

A Deputación de Lugo inviste na rehabilitación da vía LU-P-2303, que comunica Parga con Santalla pasando por Pedrafita, no concello de Guitiriz. Trátase dun tramo de tres quilómetros, dende o comezo da vía ata o punto quilométrico 3,200. Os traballos teñen un orzamento de preto de 50.000€ e consistiron na reapertura de cunetas, pavimentación e sinalización horizontal.



A institución provincial aumentou no Orzamento deste 2021 nun 14% as partidas para a rede viaria, ata acadar os 16ME, dentro da súa aposta por mellorar a mobilidade e a seguridade, favorecer o reequilibrio territorial e a calidade de vida dos veciños e veciñas da provincia de Lugo.

A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO



PROMOCIÓN DE VIVENDAS

- Venda de baixos comerciais en Avda. Terra Chá 86-88
312 m² (85.000€)
284 m² (75.000€)
Os dous por 140.000€
- Próxima promoción á venda en Avda. Terra Chá



J. SANJURJO
CONSTRUCCIONES, S.L.

OBRA PÚBLICA - OBRA PRIVADA



CANTEIRAS

Suministro de:
Zahorras
Gravas
Areas



González Formoso gaña as Primarias e dirixirá o PSOE galego



González Formoso, durante a votación en Primarias

Valentín González Formoso foi escollido pola militancia socialista galega como o novo Secretario Xeral do PSdeG-PSOE tras conseguir o 60,9% dos votos no proceso de Primarias. Unha vez finalizado o recuento Formoso non tardou un instante en poñer ao PSdeG “ao servizo de Galicia, da Galicia que soña con mellorar, da Galicia interior que aspira a non baleirarse, da Galicia da costa que quere que a entendamos, da Galicia que se foi e que quere retornar, da Galicia que quere que o coñecemento sexa a base e a plataforma de crecemento do noso país”. “Esa Galicia que, como dicía Celso Emilio Ferreiro, é un país pequeno pero chega ata as estrelas”, destacou.

González Formoso agradeceu “aos miles de compañeiros e compañeiras, dentro dese porcentaxe rotundo do 60% que confiaron nesta alternativa, que viron en nós un modelo de PSdeG que se iden-

tifica con Galicia e no que depositan a súa confianza” “Que saiban que non lles imos a fallar nunca”, afirmou.

“Hoxe celebramos esta expresión de democracia por parte do socialismo galego, este exemplo que dá a militancia do PSdeG a toda a sociedade de Galicia, unha mensaxe de aposta por un modelo onde o dereito a escoller aos nosos dirixentes por parte dos militantes é o mellor exemplo de que no Partido Socialista cremos na democracia”, subliñou.

Por último, Valentín González Formoso amosouse “francamente orgulloso” do proceso de Primarias “que no día de hoxe se celebrou sen ningún tipo de incidencia, con total normalidade, con total compañeirismo, ao igual que todo o proceso, absolutamente limpo e respectuoso e é algo que lle quero agradecer ao compañeiro Gonzalo porque esta campaña foi exemplar para a sociedade galega”.

Endesa volverá operar cun grupo o 22 de novembro

Endesa xa puxo data ao arranque da central térmica das Pontes tras case un ano e medio parada, será o 22 de novembro para o que xa está contratados 20 novos traballadores.

Esta medida supón un xiro a unha situación que se iniciou o 27 de decembro de 2019, cando Endesa formalizou ante o Ministerio de Transición Ecolóxica a solicitude de peche dos catro grupos de carbón, alegando a súa falta de competitividade debida ao incremento substancial do prezo dos dereitos de CO2 e unha forte caída do prezo do gas. Tras unha intensa loita por evitar o peche da central e de buscar opcións á mesma, Endesa fixo unha primeira compra de carbón sorprendendo a todos. Aínda así, en ningún momento anunciou a posta en marcha da mesma, asegurou que estaba obri-

gado a ter material de reserva e estar preparado para reiniciar a produción pero que en ningún momento cambiaban os seus plans de pechar a final de ano.

Con todo, a escalada dos prezos da electricidade e a previsión dun aumento do consumo coa chegada dos meses máis crus do inverno fixeron que a central de Enel acatase as disposicións de Rede Eléctrica Española, para renovar temporalmente a súa actividade.

A primeira medida foi a compra de carbón, un pedido que xa está na factoría, e que irá destinado a un dos catro grupos xeradores de 350 megawattios, que será o único que arranque polo momento. Xuntando o pedido e o que había na fábrica, arredor de 60.000 toneladas, chegará para ter a fábrica funcionando

con dous grupos sobre mes e media a produción normal, polo que non se descarta que continúa chegando materia prima á fábrica. De feito, falan da chegada dun cargamento de turba casaca de 90.000 toneladas nos próximos días, carbón de baixa calidade que ten pouco poder calorífico e que ten que misturarse co que xa teñen na central.

Coa chegada de material, oficializouse tamén a volta de 20 traballadores, que foran desprazados a outros lugares de España tras o apagamento para poder operar as instalacións de maneira efectiva. Adiantan tamén os traballadores que a mobilización de persoal ten como data límite o 30 de decembro polo que “o rumor de que a produción continuaría ata marzo ou abril parece falsa”, explican dende os sindicatos.

Euroeume bota a andar o seu proxecto audiovisual Enraizadas

Coincidindo co Día das Mulleres rurais, Euroeume saca á luz o spot da súa campaña *Enraizadas*. Formúlase como un proxecto audiovisual de fomento do consumo responsable e de proximidade e de defensa dos valores da igualdade.

A campaña está protagonizada por sete mulleres, produtoras de seis concellos distintos das comarcas do Eume e Ferrolterra, que teñen algún tipo de vinculación ao sector agroalimentario. A través destas pezas de



vídeo, coñeceremos as súas traxectorias e iniciativas e os valores que as rexen, tratando de amosar como co consumo destes produtos se está a coidar da terra e das persoas que a habitan. Preténdese, ademais, poñer en valor os produtos da zona e os procesos de elaboración dos mesmos.

Este proxecto foi impulsado por Euroeume en colaboración con Rexeñerando (Xestión e produción) e Illa Bufarda (gravación e edición).

2 GAFAS DE MARCA
CRISTALES INCLUIDOS
99'50 €
o 10 cuotas de 9,95€/mes*

OPTICALJA
CALLAO

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA
Avda. de Galicia, 49 · As Pontes (A CORUÑA) · Tel. 981 452 270
www.opticaliacallao.com

Promoción válida del 1 de septiembre al 30 de noviembre de 2021. Las dos gafas deberán tener con la misma graduación, con lentes básicas convencionales blancas, sin ningún tratamiento. Graduaciones comprendidas en los rangos de Stock de los proveedores de la zona de lentes Viteosoft de Opticalja. Las lentes son: Bafra, v.1: 4,00 dioptrías. Callado, v.1: 2,00 dioptrías. Las graduaciones de monturas incluidas vinculan a la promoción con: Pepe Irujo, Pepe Irujo Kids, Paul and Bear y Mango Kids. Los productos sujetos a esta promoción son conformes a las regulaciones legales UE 2011/45 y 2011/30/UE. *Financiación: El importe total adelantado y el precio total a plazos es el mínimo 99,50 € (10 cuotas de 9,95 €/mes). El precio de adquisición al contado y el precio de financiación es el mismo 99,50 €. Sin intereses. TARIFA. Promoción financiada por BANCU-CETELEM S.A.U. - COPIFIN S.L. SUCCURSAL EN ESPAÑA a PEPPER FINANCE CORPORATION, S.L. a ARANCA SERVICIOS FINANCIEROS, S.L.C. Interés y no presta aprobación, para el productor y cliente.

CARTA MENÚ DO DÍA BANQUETES

CASA MARAGATA
PENSIÓN + RESTAURANTE

TORRE - VILALBA Tel.: 982 511 201

Aprobados investimentos por valor de 2,8 millóns de euros

O pleno aprobou, cos votos a favor do equipo de goberno e a abstenición do BNG, un suplemento de crédito por valor de 2.834.125 euros, para poñer en marcha novos servizos e executar diferentes obras destinadas a mellorar a calidade de vida da veciñanza.

Entre os proxectos que se levarán a cabo atópase a mellora e rehabilitación da pista polideportiva do Chamoselo, valorada en 30.500 euros, a execución dunha rígora para auguas pluviais e mellora do vial da Ronda do Poboado, cun orzamento de 47.141 euros, así como a substitución e mellora da canaleta na Praza do Carmen, traballos valorados en

24.788 euros.

Ademais procederase á substitución da pasarela do parque Lesneven e executárase tamén un novo alumeneado público, proxectos valorados en 63.706 euros e mellorárase o pavimento do tramo peonil da senda da Ribeira (18.150 euros) o da zona peonil dos bloques G, H, I e J do Poboado da Magdalena.

Entre os investimentos aprobados tamén se atopa a mellora da accesibilidade ao Lago das Pontes, a execución dunha senda peonil e a execución dunha área de autocaravanas así como o cerramento da zona na que se ubica a rotopala, proxectos valorados en 242.000 euros, aos

que se suman preto de 17.000 euros para elaborar un inventario medio ambiental, de especies vivas, do lago e a súa contorna.

Os investimentos aprobados durante a sesión plenaria, á que non asistiron as persoas representantes do grupo mixto, tamén permitirán a adquisición de novos elementos para os parques infantís (18.150 euros), mellorar a seguridade da pista indoor (48.400), a execución dunha glorietta na Avenida de Vilalba (48.230 euros), a reurbanización do cruce da Avenida da Habana co Poboado do Barreiro (48.400 euros) e mellorar a vial que vai entre os Chaos de Arriba e o camiño do Narón (30.250 euros).

O boletín e a canle de whatsapp suman 1.300 subscricións

Desde o verán deste ano 2021, o Concello das Pontes conta con dous novos servizos de información que están a ter cunha gran acollida entre a veciñanza da vila.

A canle de whatsapp, que leva activa desde o 1 de xuño e suma preto de 1.000 subscricións, e o boletín de novas vía e-mail, en funcionamento desde agosto e con máis de 300 altas. Entre as dúas novas canles suman preto de 1.300 subscricións en apenas 5 meses que levan en vigor. O servizo de información municipal vía whatsapp conta cun rateo aproximado de 3 a 4 envíos semanais, namentres, o boletín informativo conta cun envío semanal todos os venres nos que se realiza un resumo informativo das principais novas para estar ao tanto da xestión municipal.



Acción formativa do colectivo

Seara aposta pola igualdade

A asociación de empresarios Seara presentou o Programa Integral de Igualdade, un proxecto que nace co obxectivo poñer en valor a figura da muller empresaria, emprendedora e traballadora.

A posta en marcha deste programa vén propiciado pola posibilidade de traballar con persoal técnico formado (a través de Euroeume), e a in-

quietude dunha entidade que decide traballar en materia de igualdade. O traballo estará resumido en cinco liñas de traballo, como a formación en igualdade, a empregabilidade en materia de igualdade, o círculo de empresarias e emprendedoras, a visibilización de proxectos liderados por mulleres e un autodiagnóstico da entidade sobre a paridade.

Executadas obras no Poboado da Magdalena e licitadas as da Habana e Pardo Bazán



O alcalde, Valentín González Formoso, visitando as obras no Poboado

Remataron as obras de mellora da contorna do Poboado da Magdalena, que consistiron no lavado a presión dos pavimentos así como no frisado das lastras nas zonas de tránsito rodado, tarefas que se complementaron con traballos de desborce das zonas axardinadas e a limpeza dos bordos dos viarios.

Así mesmo procedeu á renovación dos aparcadoiros, do que limita coa rúa Mañón e do localizado ao carón da rúa Fene e acometéronse traballos de mellora dos servizos públicos que permitiron a renovación do alumeneado público con tecnoloxía led, e a substitución e reparación do mobiliario urbano. O rexedor local avanzou que proximamente “comezará a primeira fase de mellora de conservación do pavimento nas zonas peonís permitirá a aportación dun revestimento antiescorregadizo”.

HABANA. A Xunta de Goberno aprobou a licitación da obra de reposición de servizos e pavimentos na avenida da Habana, no tramo entre os números 57 e 75.

O proxecto, cun orzamento de 92.880 euros e financiado pola Deputación da Coruña, permitirá mellorar os actuais servizos de ilumi-

nación e saneamento e por outro lado a reposición dos pavimentos da beirarrúas.

Así, executárase unha nova rede de recollida de augas pluviais separativa, nas dúas marxes do viario, que irá dotada dos correspondentes sumidoiros e arquetas. Proyéctase igualmente o cambio do alumeneado público, coa instalación de novos puntos de iluminación con tecnoloxía LED, sobre novos báculos dobres de 7 metros de altura.

PARDO BAZÁN. A Xunta de Goberno tamén aprobou o expediente de licitación da fase inicial das obras de mellora de servizos e pavimentos na rúa Pardo Bazán, cun investimento de 356.124 euros.

As obras permitirán mellorar a accesibilidade da zona, ampliando o ancho das beirarrúas e eliminando os bordos, os desniveis e as ramplas para deixar a rúa á cota do viario, optando pola mesma solución estrutural e estética desenvolvida noutras zonas do casco urbano.

Entre os traballos inclúese a renovación dos firmes e pavimentos, un novo sistema de saneamento, a través da creación dun sistema separativo de augas pluviais e fecais e a mellora do alumeneado.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica TEST dental

Parking gratuito

“O obxectivo é mellorar a calidade de vida das coidadoras”

Tania Pardo é concelleira de Servizos Sociais no Concello das Pontes

Falamos do programa Cuidadas, por que decidiron poñelo en marcha?

A iniciativa nace de dar resposta ás persoas coidadoras, de atender a súas necesidades. Puxémonos en contacto con Fundación Mujeres, sabendo que o programa Cuidadas estíbese levando a cabo noutros concellos e tiña moi boa aceptación.

Que obxectivos ten o programa?

O obxectivo é mellorar a saúde e a calidade de vida das coidadoras informais de persoas dependentes. Poñendo á súa disposición unha serie de ferramentas e apoios diversos co obxectivo de minimizar as problemáticas derivadas dos cuidados.

Canta xente ten axudado este programa?

Entre as tres edicións levadas a cabo atendemos a 45 mulleres.

Que nos pode contar da xente que o dirixe?

É importante destacar a profesionalidade e empatía das técnicas encargadas do programa. Desde o comezo conectaron moi ben coas mulleres asistentes aos talleres e son un apoio para elas, máis aló dos contidos teórico prácticos, atendendo, comprendendo as súas necesidades a nivel emocional e creando un clima de confianza entre o grupo.

Xa levan máis dun ano. Entedemos que está a ter resultados positivos?

Si, por suposto, desde o comezo

vimos a importancia de darlle continuidade e as propias participantes o manifestan en cada unha das edicións. Sempre lles parece pouco tempo, polo que é fundamental seguir apostando e programando todo tipo de iniciativas dirixidas a elas e sobre todo darlle continuidade. É importante contar cun servizo estable que conte con distintas temáticas que poidan resultarlles de axuda e, sobre todo, un espazo para compartir emocións, experiencias e sentirse escoitadas.

Tamén se adaptou aos novos tempos co taller de superar a covid. Como xurde este cambio?

O confinamento e en xeral todo o que supón a pandemia da covid-19 plantexounos a necesidade de atender ás persoas afectadas polo impacto psicolóxico, poñendo o foco de actuación na intervención socioemocional. Puxemos en marcha un obradoiro onde se desenvolveron diferentes accións encamiñadas a mellorar a saúde emocional, poñendo a disposición das participantes unha serie de ferramentas e apoios dirixidos a minimizar as problemáticas derivadas da pandemia. Moitas das participantes foron coidadoras que viviron situacións moi duras, sen servizos de conciliación (peche dos centros de día, escolas infantís, centros sociosanitarios) e vivindo a situación, na súa maioría, en soidade. Tratáronse temas como a xestión da fatiga, resiliencia e adaptación, aprender a positivar, respiración, organización do tempo, entre outros...



Noutra orde de cousas, ao longo deste tempo fronte a Servizos Sociais, esta non é a única iniciativa posta en marcha. Que máis destacaríaa?

Desde a área de Benestar Social poñemos o foco na atención ao benestar da veciñanza, especialmente daquelas persoas ou grupos con necesidades concretas. Entre as distintas iniciativas postas en marcha, destaca do programa de Atención Temperá, dirixido á poboación infantil de 0 a 6 anos e ás súas familias, co obxectivo de dar resposta aos menores que presentan trastornos no desenvolvemento. Contamos cos servizos de logopedia, terapia ocupacional e psicoloxía o que facilita a súa autonomía e a inclusión social dos 30 menores que, na actualidade, son atendidos. Tamén destaca o programa de Educación familiar, no que se atende a diversas familias que se atopan en situación de vulnerabilidade e que precisan un apoio para mellorar as súas capacidades parentais. O

obxectivo é mellorar a situación sociofamiliar e dotalas das ferramentas adecuadas. Ademais contamos cun programa de reforzo educativo onde se leva a cabo unha intervención educativa cos menores e un apoio socioeducativo familiar. Con motivo do pasado 8 de marzo puxemos en marcha a campaña *Unha experiencia de coidado, correspóndeches escoller a túa*, co obxectivo de sensibilizar á cidadanía sobre a importancia da corresponsabilidade e de poñer o foco en que os cuidados, en xeral, teñen que ser compartidos, existir suficientes recursos de conciliación, para que a carga non recaia na maioría dos casos nas mulleres.

Que programa lle gustaría incluír de cara ao futuro?

Estamos traballando na posta en marcha de novos programas e iniciativas que complementen ás anteriormente explicadas e así crear unha rede de apoio á veciñanza no seu conxunto.

Poñemos o foco na atención ao benestar da veciñanza, especialmente daquelas persoas ou grupos con necesidades concretas



Unha vila con diferentes programas en Servizos Sociais

Contan con programas de atención educativa á infancia e adolescencia postos en marcha fai case unha década para dinamizar e fomentar a aprendizaxe a través de actividades, con programas de apoio para superar a covid e paliar os efectos emocionais provocados pola pandemia. Trátase dun programa que ten como obxectivos prioritarios dinamizar e fomentar a aprendizaxe a través de actividades que permiten traballar aspectos clave para o desenvolvemento dos/das menores como son a autoestima, a

motivación, o compañeirismo ou a solidariedade.

Así mesmo, fan obradoiros de memoria que axudan ás alumnas a exercitar a mente, mellorar as súas capacidades de atención, concentración e aprendizaxe. Esta iniciativa busca promover o envellecemento activo e a participación das alumnas na vida comunitaria, mellorando a súa calidade de vida. Durante nove meses, unha trintena de mulleres, con idades comprendidas entre os 45 e 85 anos, participarán neste taller



As Pontes súmase ao programa Cuidadas

O Concello das Pontes súmase ao programa Cuidadas, posto en marcha pola Fundación Mujeres, coa financiación da Deputación da Coruña, co obxectivo de ofrecer ás cuidadoras informais do municipio un recurso de orientación, acompañamento e apoio, tanto a nivel emocional, formativo, persoal como social, para paliar as consecuencias que implican coidar a persoas en situación de dependencia. Na actualidade estímase que o 76% das persoas que prestan coidado ás persoas dependentes son mulleres, feito que segundo Tania Pardo, concelleira de Benestar Social e Igualdade “repercute no benestar, saúde, autotestima, vida laboral, relacións familiares e persoais destas mulleres. No Concello das Pontes somos conscientes desta realidade e, a través da adhesión a este programa buscamos contribuir a mellorar a calidade de vida das nosas veciñas, mulleres cuidadoras, ex-cuidadoras e futuras cuidadoras, promovendo o seu desenvolvemento persoal e social a través de actividades que lles permitan relacionarse con mulleres en situacións similares”. Este programa deseñouse coma unha actividade formativa, de balde, dividida en catro obradoiros nos que se abordan aspectos como o autocoidado, a xestión emocional, a autoestima ou as habilidades de comunicación. Así, baixo o lema *Quen coida de min*, as participantes obteñen claves para mellorar a súa saúde e autocoidado, orientadas a pa-

liar os riscos asociados ás malas prácticas e hábitos prexudiciais en relación ás tarefas que desenvolven como cuidadoras. Outra das liñas é un taller sobre relaxación e conciencia corporal que ten continuidade con outro sobre regulación de conflitos baixo o título *Aprendendo a negociar*. O ciclo formativo finaliza cun taller sobre a xestión da culpa para poñer á disposición das participantes unha serie de ferramentas encamiñadas a minimizar as problemáticas derivadas do coidado de persoas dependentes.

COVID 19. Para ampliar o programa, o Concello das Pontes levou a cabo un taller de apoio emocional título *Superamos a covid-19*, co obxectivo de contribuír, mediante diferentes liñas de traballo, a paliar os efectos emocionais provocados pola pandemia na poboación,

promover a adaptación persoal e social á nova situación e, por extensión, mellorar a calidade de vida da veciñanza. Tania Pardo, responsable da área de Benestar Social, indica que “o programa Superamos a covid-19

O ciclo formativo finaliza cun taller sobre a xestión da culpa para minimizar as problemáticas derivadas do coidado

incluiu diferentes accións, tales como o asesoramento individualizado, talleres de autocoidado, ou autoestima, encamiñadas a mellorar a saúde emocional das persoas máis vulnerables ás consecuencias negativas da pandemia, prestándolles

distintos apoios e axudándolles a desenvolver a súa resiliencia e capacidade de adaptación e así mellora a súa contorna”. O programa incluíu actuacións de intervención individual directa coas persoas usuarias orientadas a apoiar o proceso de fortalecemento persoal e social das mesmas, introducindo procesos de reflexión, análise, activación, atendendo as situacións cotiás e singulares de cada unha delas vive para, deste xeito, recoñecer os danos ocasionados pola pandemia. Esta primeira toma de contacto, completouse con sete talleres, de dúas horas de duración, para a mellora persoal e social entre os que destacaron un obradoiro de coidado anímico e físico en tempos da covid 19 no que se analizou o impacto da pandemia na vida cotiá para potenciar estratexias de autocoidado para paliar o estrés e a ansiedade; un

taller de manexo emocional no que as persoas usuarias aprenderon a identificar, distinguir e reconducir as emocións co obxectivo de xestionalas de forma saudable. Outro dos obradoiros tratou sobre o desenvolvemento da resiliencia e adaptación no que se afondou na situación persoal e social de cada unha das persoas participantes e na súa propia percepción para tomar conciencia da nova realidade e das novas necesidades e dispor así de novas saídas mediante a adaptación ou reinvencción. No taller de autoestima en época de pandemia as persoas participantes no programa aprenderon a simplificar, relativizar, positivizar, ilusionar e modificar determinadas condutas, crenzas erróneas e pensamentos irracionais para ser máis optimistas mentres que no taller de respiración e estiramientos adquiríronse técnicas e exercicios de relaxación, adaptados ao perfil das persoas participantes, de cara a favorecer a concentración e eliminación da tensión muscular. Finalmente, no taller de xestión do tempo analizouse como se emprega o tempo cada día e se existe algunha área que se estea descoidando e que fose necesario recuperar para mudar a fatiga pandémica por tempo propio e no obradoiro de tensións familiares e sociais as persoas participantes puideron recoñecer a importancia da autonomía nas relacións interpersoais e empoderarse á hora de poñer límites ás esixencias doutras persoas.



EN BREVE

OBRADOIRO. O salón de actos do Centro Sociocultural será o escenario elixido para acoller o obradoiro de primeiros auxilios. Esta xornada formativa ten como finalidade que os veciños adquiren os coñecementos básicos para o manexo de situacións de urxencia máis frecuentes. O programa promoverá que os cidadáns obteñan as nocións básicas para unha correcta actuación ante situacións de emerxencia que requiran primeiros auxilios. Este obradoiro está dirixido a pacientes, familiares de pacientes, cuidadores e cidadáns en xeral que poden realizar a inscrición ata o vindeiro 19 de novembro. O horario da actividade é de 16.30 horas ata as 20.30 horas.

ITV. A unidade móbil da ITV está entre os días 19 de novembro e 9 de decembro en Friol para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada no mercado gandeiro. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás os venres, que será só en horario de mañá. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

FERRAXERÍA. A cadea de ferraxe-ría, bricolaxe, fogar campo e xardín, El Sabio, volveu a elixir Galicia abrindo a súa cuarta tenda nesta comunidade para reforzar a súa presenza nacional. O establecemento de 550 m2 situado no polígono industrial da Gándara, e a primeira na provincia de Lugo. O alcalde da localidade, José A. Santos, felicita á familia Varela López por impulsar "este ambicioso proxecto"

Licitan as obras de saneamento en Roimil



Presentación das obras de licitación

A Xunta licita a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia as obras para dotar dunha rede de saneamento e depuración de augas residuais á parroquia de San Xiao de Roimil, no concello de Friol.

Así o anunciou o delegado territorial do Goberno galego, Javier Arias, quen explicou que os traballos saen a licitación por un orzamento próximo aos 253.000 euros (252.714 €) e as empresas interesadas teñen de prazo para presentar ofertas ata o vindeiro 2 de decembro.

A actuación servirá para achegar este servizo aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira. As obras previstas céntranse na construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que estará formado por unha depuradora de oxidación total.

A rede de saneamento proposta consiste nunha conducción prin-

cipal, dous colectores que verten ao principal e catro ramais secundarios, construídos en tubaxe de PVC. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

A infraestrutura proxectada por Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, beneficiará a 20 vivendas que reúnen unha poboación equivalente de 200 habitantes.

Arias lembrou que a intervención é froito dun convenio entre a Xunta e o Concello de Friol, polo que a Administración autonómica achega o 80% do orzamento e a entidade local o 20% restante. As obras teñen un prazo de execución estimado de seis meses unha vez formalizado o contrato.

Augas de Galicia prevé realizar esta actuación no marco do Eixe REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE aos efectos ocasionados pola pandemia da covid-19.



A Casa da Galbana, unha das iniciativas nas que se investiu na edición anterior

O GDR inviste 470.000 euros en axudas a iniciativas empresariais

O Grupo de Desenvolvemento Rural Comarca de Lugo aprobou na súa última Xunta Directiva as axudas solicitadas polas persoas empresarias, emprendedoras, asociacións e entidades locais que presentaron as súas solicitudes en 2021-2022 dentro das zonas rurais Leader que xestiona os municipios de Castroverde, Friol, Outeiro de Rei, Guntín, Rábade, O Corgo e a zona rural de Lugo.

Segundo o presidente, o alcalde de Friol, José A. Santos, en total aprobáronse axudas por un importe de 470.124,84 euros, todas elas destinadas a loitar contra o despoamento e dinamización de zonas rurais que son dúas dos principais obxectivos deste grupo.

Estas subvencións son do 50% ao 90% a fondo perdido do orzamento total elegible de cada proxecto.

Estas axudas, xestionadas polo GDR, están financiadas nun 75% polo Feader, Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural; un 2,5% polo Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación; e un 2,5% pola Agader.

Na convocatoria 2021-2022 (última

ata o momento deste período) dispónse dun orzamento equivalente ao das axudas concedidas, unha cifra totalmente insuficiente para o montante de proxectos solicitados a través de GDR Comarca de Lugo.

Os investimentos en dinamización rural desde a creación do GDR4 Comarca de Lugo ascenden a 3.048.179,73 euros.

Con independencia do plan Leader, o GDR4 participa en iniciativas tanto a nivel galego como a nivel estatal, estando adherida á Rede de Normalización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística, tamén están involucrados na loita contra a violencia de xénero organizando talleres e actividades a prol desta iniciativa e a identificar situacións deste tipo no ámbito rural e este ano organizaron unha serie de actividades formativas coa colaboración de Agacal como in-seminación de gando bovino, curso de aplicador de produtos fitosanitarios, transporte no benestar animal, iniciación e mellora da gandería de vacún de carne e iniciación e mellora da gandería de ovino/cabrún.

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS



VA

VEIGUELA ABOGADOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO CIVIL, HERENCIAS, SUCESIONES, DONACIONES, PACTOS DE MEJORA

PLANIFICA TU HERENCIA EN VIDA

AHORRA BENEFICIÁNDOTE DE IMPORTANTES VENTAJAS FISCALES

1ª CONSULTA GRATUITA
 Llámanos: 982 228 606

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606
📱 veiguelabogados f veiguela abogados

Crítica ao Concello por non acondicionar a urbanización da Palloza

A voceira do PSdeG no Concello, Carmen Acacio denunciou novamente "os incumprimentos do alcalde" en relación ao inicio das obras na urbanización A Palloza. "Xa que como denuncia a propia veciñanza seguen sen ter nin unha soa noticia das obras nesta urbanización tal e como se comprometera o Concello publicamente", sinala.

Advirte "20 anos despois dende que se remataron estas construcións, a urbanización non conta con servizos básicos como alumeadado, farolas, as rúas están sen asfaltar e o cabreado a ras do chan e teñen luz de obra, todo esta á monte", lamenta.

Acacio lembra tamén que o pasado mes de marzo o alcalde enviou unha carta a tódolos afectados polas actuacións do Plan Parcial da Palloza, "e dende aquela todos seguen esperando ao que o PP mova un dedo".

Arrancan as actividades socioculturais

O Concello de Outeiro de Rei inicia este mes as actividades da tempada 2021- 2022.

Estas actividades estarán divididas en catro bloques, as culturais, deportivas, da OMIX e de Promoción da Muller, seguindo a dinámica de edicións anteriores.

No apartado de cultura e lecer oférense actividades de danza moderna, obradoiros para festas, escola de maxia, robótica, bailes de salón (iniciación e perfeccionamento), viaxe a Baiona á Festa da Arribada, costura básica e creativa, manualidades, viaxe ao Fuciño do Porco, Poza da Ferida e Viveiro e restauración de mobles.

Dentro da oficina de información xuvenil a oferta contén ximnasia rítmica, obradoiro de coiro, inglés de preparación para o B1, escola de música (de Outeiro de Rei, Rábade, Begonte e Friol), e pádel.

No capítulo do deporte haberá fútbol sala, ximnasia na auga, natación



adultos, baloncesto, tenis (tres cursos), tiro con arco (dous cursos), patinaxe (dous cursos), pilates (dous cursos), ioga, BTT, natación infantil, rutas de sendeirismo, escola de motociclismo, curso de conducción de motociclismo, entrenamentos libres kart/moto en circuíto e tenis de mesa.

Finalmente, no apartado de promo-

ción da muller haberá formación en novas tecnoloxías e charla sobre prevención da violencia de xénero e a discriminación contra a muller. Por ser o número de prazas limitado estas cubriranse por rigoroso orde de inscrición, tendo sempre preferencia as persoas empadroadas neste municipio con respecto ás de fóra.

Convocada unha nova edición do concurso de postais de Nadal

O Concello organiza por sexto ano consecutivo o Concurso de Postais de Nadal 2021 para rapaces e rapazas empadroados neste municipio ou matriculados no CEIP Laverde Ruiz.

Poderán participar todos os escolares de educación primaria repartidos en dúas categorías, na I, os de 1º a 3º de primaria, e na II os de 4º a 6º. O tema da tarxeta terá que estar relacionado co Nadal e valorarase a imaxinación, orixinalidade, colorido e calidade da execución, con atención á idade dos nenos concursantes.

O formato da tarxeta será de 15 x 21 cm (medio folio) e poderá realizarse tanto en sentido horizontal como vertical.

Os interesados poderán presentar os traballos ata o 25 de novembro nas oficinas da Casa da Cultura ou á conserxe do colexio.

O Concello xa loce a bandeira verde "polo fermosismo galego"

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, reeditou o compromiso co fermosismo galego, reflectido nuns orzamentos para 2022 que incrementan un 53% a achega para a protección da paisaxe, pasando dos 3,6 millóns de euros deste ano aos 5,6 millóns do vindeiro exercicio. Durante o acto de entrega das Bandeiras Verdes 2021, Feijóo afirmou que a Administración autonómica seguirá comprometida cunha Gali-



cia verde e azul, a través da protección do medio ambiente, da loita fronte ao cambio climático, coa eficiencia enerxética e coa xestión de residuos.

"E seguiremos destinando recursos para seguir practicando o fermosismo galego", aseverou, subliñando que fermosismo é a Bandeira Verde, pero tamén son as axudas para a loita contra os impactos paisaxísticos.



DIABETES DAY. O pasado sábado 6 de novembro levouse a cabo no circuíto do Concello de Outeiro de Rei, a II edición do Diabetes Day, actividade que tiña como finalidade concienciar á sociedade de que a diabetes non é un impedimento para a práctica do deporte. Un total de 16 nenos e nenas de toda Galicia, de entre 9 e 14 anos, estiveron toda a mañá practicando motociclismo no circuíto de Outeiro de Rei.

Actividades Tempada 2021-2022

ABERTO PRAZO DE INCRICIÓN

As actividades de lecer, cultura e deporte ofertadas son entre outras:

Deportivas: Fútbol sala, Ioga, Tenis, Pilates, Ximnasia na auga, Natación adultos, Baloncesto Tiro con arco, Patinaxe, BTT, Natación infantil, Rutas de sendeirismo, Escola de motociclismo, Cursos de seguridade vial, Entrenamentos libres, etc.

Cultura e Lecer: Bailes de salón, Danza Moderna, Obradoiros para nenos, Escola de Maxia, Robótica Costura básica e creativa, Viaxe a Baiona, Manualidades, etc.

Oficina de Información Xuvenil: Ximnasia rítmica, Escola de Música, Inglés preparación para o B1, Obradoiro de coiro, Pádel.

Actividades de Promoción da Muller: Formación de novas tecnoloxías (III) On line.

INSCRICIÓN: 982 39 34 08

www.outeiroderei.gal



Concello
Outeiro de Rei

meira

A residencia de maiores abrirá o 25 de novembro

O Centro de Atención a Maiores de Meira, que se atopa integrada no grupo de residencias da Deputación, abrirá as súas portas de forma oficial o próximo 25 de novembro, xoves, ás 13.00 horas, cando se realice a inauguración oficial coa presenza das autoridades.

Así o anunciou o concelleiro de Cultura de Meira, Agustín Menéndez, quen asegurou que os primeiros usuarios poderán entrar a partir do mes de decembro.

O Centro de Atención a Maiores (CAM) contará con 30 prazas de residencia, ampliables a 38 se fose preciso, e 20 de centro de día. O prazo de solicitude de prazas xa está en marcha dende hai meses e esta pode facerse no propio Concello.

Tomé Roca recordou que “ao igual que nos restantes centros de xestión provincial, no acceso ás prazas terán preferencia os



veciños e veciñas deste municipio; en segundo termo, persoas dos concellos limítrofes ou da comarca; e logo os veciños do resto da provincia, o que permite que as persoas maiores manteñan o arraigo, permanecendo no lugar ou na comarca na que viviron toda a vida”. Os residentes contarán con camas de 105cm, fronte aos 90cm habituais noutros centros, e a incorporación de mobiliario exterior.

A nova película de Goteira competirá no Festival de Xixón

Tras sorprender coa súa ópera prima *Dhogs* (2017), o director galego Andrés Goteira presenta no Festival Internacional de Cinema de Xixón o seu esperado segundo filme: *Welcome to ma maison*. A película protagonizada polo actor lucense Igor Fernández, terá a súa premier mundial o próximo 21 de novembro na sección oficial *Tierras en Trance*.

Welcome to ma maison é unha longametraxe que inicia unha viaxe

cara a Los Ángeles para coñecer ao director de cinema Nicolas Winding Refn e, ao non atopar o seu rumbo, camiña cara ao interior do seu protagonista percorrendo a difusa liña entre o actor, a persoa e o personaxe. Un documental experimental construído con imaxes reais, sentimentos sinceros e problemas verdadeiros. Un falso documental, rodado a modo de making of, onde todo o que se nos mostra é 100% real.

A comisión contra as minas denuncia a actividade ilegal de Erimsa en Cospeito

A Comisión Contra as Minas na Terra Chá informa de que se están a realizar labores mineiros sen permiso en terreos da parroquia de Goá, en Cospeito. Aseguran tamén que Erimsa está a ofrecer contratos de arrendamento a veciñas da zona do Arneiro, na mesma parroquia. “Esta empresa tenta dende 2006 conseguir autorización para explotacións mineiras na zona, solicitudes que acumulan xa varias sentenzas desestimatorias dos permisos”, indican.

Nun pleno Rosa Morán, concelleira polo PSOE, preguntaba ao alcalde se é que existe algunha novidade a respecto das licencias solicitadas por parte da Erimsa e concedidas ou denegadas, ou algunha sentenza nova, “ao que o rexedor municipal respostou non ter coñecemento de ningunha novidade”.

Engaden tamén as máis recentes, as emitidas neste mesmo ano polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que desestimaba dúas apelacións presentadas pola Erimsa relativas á Pastoriza e máis a Cospeito.

No relativo a Cospeito as apelacións son dúas, en relación con sentenzas ditadas tamén polo Xulgado de Lugo, referentes ás concesións Alicia e Karles. Tamén se discute sobre a vixencia da Declaración de Impacto Ambiental e, onde a Erimsa pretende que está facer unha modificación e redución do proxecto inicial de explotación, tanto o Tribunal en Lugo como o Tribunal de apelación conclúen que se está a falar dun novo proxecto que esixe nova tramitación e informes.

Andrea Fernández gaña o Torre de Caldaloba



Xurado da última edición do certame

O IV Certame de Poesía Torre de Caldaloba, convocado polo Concello de Cospeito e a Asociación Recreativa e Cultural de San Martiño de Pino, en colaboración con Culturalia GZ, xa ten obras gañadoras. O xurado de dito certame reuniuse este sábado 6 de novembro no salón de plenos do Concello de Cospeito e, despois dunha longa deliberación, fallou por maioría de votos conceder o primeiro premio da categoría de 18 anos en diante á obra *Contra-Tempos*, cuxa autoría, unha vez aberta a plica, corresponde a Andrea Fernández Maneiro, de Vilagarcía de Arousa, por “tratarse dun poemario moi equilibrado, cunha voz poética potente e conmovedora, que outorga visibilidade a unha temática

tan silenciada como é a da saúde mental”.

E o segundo premio recaeu na obra *Da Carne*, cuxo autor é Rafael Lobelle González, de Chantada, porque, segundo o criterio do xurado, “estamos ante unha poesía escénica, ben estruturada, que se abre a diferentes dimensións e interpretacións, destacando a riqueza cromática no xogo das palabras”.

A categoría de menores de 18 anos quedou deserta por ausencia de participación.

O xurado estivo composto por Beatriz Dourado, Adolfinia Mesa, Armando Requeixo, Patricia Torrado Queiruga e Xosé Otero Canto, actuando como secretario, con voz mais sen voto, Martiño Maseda.

O Mercado de Nadal de Muimenta comezará o día 1 de decembro

O Mercado de Nadal de Muimenta, que alcanza a súa décimo terceira edición neste ano 2021, dará comezo o mércores 1 de decembro e rematará o mércores 5 de xaneiro do 2022. Participarán un total de 29 negocios, repartíndose un total de 18.000 rifas entre os seus clientes. Os premios serán 18 vales de 100,00 €. As papeletas gañadoras serán aquelas nas que o número coincida cos tres últimos díxitos do primeiro premio da Lotería de Reis, que terá lugar o vindeiro mércores 6 de xaneiro do 2022.

Os gañadores, terán que informar antes de que remate o sábado 15 de xaneiro. Ditos vales, deben ser consumidos, nos negocios pertencentes ao colectivo empresarial, nos trinta días posteriores a súa entrega.



Esta iniciativa xurdiu no ano 2009, como unha maneira de fomentar o comercio local incentivando as compras de Nadal nos negocios da parroquia.

constru fer

MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamietos, construción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

O PSOE lamenta o estado de abandono das rúas e camiños



Tres puntos das estradas de Muimenta

Os concelleiros socialistas reclaman ao Concello que no se fíxese o mantemento das pistas do termo municipal no verán. “Pasaron os meses de bo tempo e hai pistas e rúas ás que non se lles tocou e agora chega a época de choivas e está todo desfeito”, explica a voceira, Rosa Morán. Engade que hai pistas aglomeradas pero son as menos. “Solicitamos que se atendera ao rebacheo pero pouco se rematou, confiamos en que se ía facer cando así o aseguraba o alcalde e estamos xa en novembro e a situación é de abandono”, engadiu.

A concelleira explica que o deterioro é notorio en todo o termo municipal.

Explica que son moitas as zonas do casco urbano de Muimenta “onde case nin se pasa”, como a pista que vai á área recreativa, a do campo de fútbol, a casa da cultura, vivendas sociais e o recinto da Moexmu. Pola zona máis rural afirma que necesitan un arranxo inmediato as de Ponte do Pacio, que limita con Bazar, Castro de Rei; o tramo do outro concello está amañado pero o de Cospeito non. Outra das pistas máis afectadas é a de Regeiriña, na que hai moitas casas habitadas. A estas suma tamén a Concelleira a do Muíño do Bosque e a que vai por detrás da depuradora da Veiga.

Traballadoras do SAF quéixanse polas trabas do Concello a unha reunión sindical



Reunión das traballadoras do SAF diante da casa da cultura

Traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar de Cospeito mostraron o seu malestar co Goberno municipal por non deixarles utilizar a casa da cultura local para a súa asemblea de xeito gratuito.

Tal e como explican as traballadoras, estas foron convocadas a unha reunión parte dos delegados sindicais escollidos nas eleccións, 2 da CIG e 1 de CC.OO. Como en anteriores ocasións solicitaron ao Concello o uso do casa da cultura, algo que xa teñen feito con anterioridade pero o Concello fíxolles chegar

“modeolo de autoliquidación”, indica unha das delegadas sindicais. “Paréceme unha vergoña que teñamos que pagar polo uso desta instalación nunha reunión oficial de traballadoras do Concello”, din. Finalmente a reunión fíxose no exterior do edificio, onde expresaron o seu malestar polo trato.

“Nunha nos pasou tal”, afirma a delegada sindical, quen asegura que ata o momento nunca tivemos problemas para facer as reunións polo que non ten sentido que agora queiran cobrar”.

A Moexmu volverá no 2022 sumando outro concurso de gando

A Comisión organizadora da XXXVIII edición da Mostra Exposición de Muimenta, comezaron as súas reunións de traballo o pasado mes de xullo encamiñadas á celebración dunha nova Moexmu despois do parón provocado pola pandemia da covid que obrigou a suspender dúas edicións.

A data prevista para a seguinte edición será os días 1, 2 e 3 de abril de 2022, acadando a XXXVIII edición da Mostra Exposición de Muimenta, o XXXVI Concurso de Gando Frisón, a XXXVI Exposición de Gando de Raza Rubia Galega e a XXVI Poxa de Gando Selecto. A maiores, o recinto feiral Manuel Vila López acollerá o XXX Concurso Autonómico de Raza Frisóna Febriga 2022.

Como explican dende a organización, cando se suspendeu a celebración da Moexmu no ano 2020, na que se ía celebrar o Concurso Autonómico de Gando, sempre se mantivo o interese de acoller dito evento por ambas partes, tanto da xunta directiva de Febriga, como da comisión da Moexmu. Tras varios contactos, ao longo das últimas semanas, acordouse a súa celebración.

GUITIRIZ é Música!!

AGRUPACIONS

Banda Municipal de Musica
Grupo Tradicional
Grupo moderno
Uned senior

ESPECIALIDADES

Flauta traveseira
Percusión tradicional
Clarinete
Trompeta

Bombardino
Saxo
Trompa
Trombón
Tuba
Gaitá

Guitarra clásica, eléctrica
Percusión tradicional
Acordeón
Piano

Iniciación musical (gratuito e prazo sempre aberto) a partir dos 4 anos.

Abre a inscrición para o programa Mentas en calma

A Casa Habanera acollerá o programa Mentas en calma, dirixido a maiores de 18 anos que trata de mellorar as fortalezas persoais a través da relaxación, atención plena e do autoconñecemento persoal. As actividades levaranse a cabo os días 19 e 26 de novembro, 10 e 17 de decembro e 14, 21 e 28 de xaneiro. Contará con 10 sesións os venres de 16.15 a 17.15 horas.

As persoas interesadas poderán inscribirse ata o 11 de novembro no departamento de servizos sociais do Concello con cita previa



ou pola sede electrónica adxuntando a ficha cuberta e asinada. As prazas son limitadas.

A vila acolle a posta en marcha do Deporte Escolar da Terra Chá

A Casa Habanera do Concello de Guitiriz foi a sede elixida para a xuntanza do Deporte Escolar para a zona da Terra Chá, na que participaron os Concellos de Guitiriz, Vilalba, Cospeito, Begonte, Abadín, Mondoñedo, Xermade, Meira, Pastoriza, Rábade, Castro e Outeiro.

O obxectivo desta reunión foi a de coordinar e volver a poñer en funcionamento, tras o parón pola pandemia da covid-19, o Programa Xogade impulsado pola Xunta, que ten a concepción do deporte como promoción de saúde e benestar, sen esquecer nin deixar de lado o rendemento deportivo.

No encontro participaron Marisol Morandeira, alcaldesa de Guitiriz; Iván Morado, concelleiro de Deportes do Concello de Guitiriz; Ma-

nuel Martínez, técnico de deportes de Guitiriz; Manuel Otero, Xefe de Servicio de Deportes da Xunta; Carlos Lorenzo, Responsable de Deporte Escolar da Xunta; Dani Moirón, Técnico da Xunta e Juan Somoza, Coordinador de Deportes da Agrupación Terra Chá.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, apoiou este tipo de iniciativas xa que "é importante que todas e todos os escolares poidan ter acceso á práctica de actividades físico-deportivas sen que exista ningún tipo de discriminación".

Na mesma liña, Iván Morado, concelleiro de Deportes, puxo en valor este tipo de iniciativas "nas que se pretende fomentar e estender o deporte educativo e saudable a toda a sociedade dende as idades máis temperás".

Compromiso da Deputación para ampliar o centro de día

A Deputación de Lugo achegará 50.000 euros para facer posible a ampliación do centro de día de Guitiriz, o que permitirá adaptar as instalacións para alcanzar a vintena de prazas e reducir así a lista de espera deste servizo. O presidente, José Tomé Roca, asinou este venres no Pazo de San Marcos coa alcaldesa da localidade chairrega, Marisol Morandeira, o convenio que establece esta colaboración económica para poder acometer os traballos.

O centro de día de Guitiriz conta na actualidade con 12 prazas asistenciais para persoas maiores e as obras de ampliación permitirán engadir outros 55 metros cadrados e dar resposta asistencial a un total de 20 usuarios e usuarias. O investimento total para esta actuación e de 71.825€, dos que a Deputación achega o 70%, mentres que o Concello asume o 30% restante.

"Asinamos este convenio dentro do



Firma do convenio entre a alcaldesa e o presidente da Deputación

noso compromiso de seguir acercando e mellorando os servizos públicos ó rural, e dentro das liñas de acción prioritarias deste Goberno, como son a cooperación cos 67 concellos da provincia e os servizos sociais", subliñou o Presidente, quen asegurou que a Deputación axuda a mellorar deste xeito unha dotación social que, ademais da súa labor asistencial, favorece a conciliación das familias, promove o arraigo da veciñanza e

reforza os lazos da comunidade. Morandeira quixo agradecer á Deputación "esta colaboración, que será esencial para dar un mellor servizo aos veciños e veciñas no Centro de Día" e destacou que "aínda que as prazas que se aumentan non solucionan a demanda actual que hai en Guitiriz, si que é unha ampliación que supón un paso moi importante, que grazas á axuda provincial supón un custo asumible para o Concello".



UNED SÉNIOR. A UNED Sénior de Guitiriz e Momán tivo o seu arranque cunha saída e un concerto en Lousame, concretamente na praza Teomiro Hidalgo. Os músicos da localidade xuntáronse cos de Guitiriz, Momán, Paderne e Monfero, cos que posteriormente compartiron unha comida de confraternidade.

EN BREVE

ITV. A unidade móbil da ITV estará entre o 9 e o 13 de decembro no polígono industrial de Guitiriz. A atención ao público será entre as 9:00 e as 13.30 horas e de 15:15 a 18:00, agás o día 13, que será só de mañá. Hai que solicitar cita previa.

ESCAPE ROOM. Noemí Lamas López foi a gañadora do Escape room No Camiño, as imaxes que viron os peregrinos. Esta actividade foi realizada en outubro con motivo da celebración do Día das Bibliotecas.

PROXECTOS DE MOBLES MODULARES



Adaptados as necesidades e dimensións de cada dormitorio, tanto xuvenís coma de matrimonio



Tamén Vestidores e incluso Espazos de teletraballo

ASESÓRATE CON NÓS!

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓV!L
NEGOCIOS

VALIREY LUGO S.L.
Oscar Valiño Pin

Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com

¡SE NECESITAN COMERCIALES!



A ponte medieval, trala súa remodelación

Rematan os traballos de acondicionamento da contorna da ponte medieval

Veñen de rematar en Rábade as obras realizadas no espazo máis histórico e senlleiro da vila como é o barrio da Ponte. Nel buscouse mellorar o estado das rúas que o forman, no que os alumnos do Obradoiro de Emprego, en colaboración coa Xunta de Galicia, fixeron un gran traballo.

Esta obra foi realizada polo Concello con fondos propios e

consistiu en limpar e protexer a ponte medieval, e co Plan Único da Deputación amañouse e recuperouse a antiga vía que discorre pola rúa José Pardo.

Por outra banda, en vindeiras datas, rematarase esa rúa, gañando espazo para o lecer no seu encontro coa avenida de Vilalba, e tamén está previsto finalizar o amaño da rúa Río Miño.

CIG Ensino demanda protección para os docentes do Xosé Rábade

CIG Ensino enviou un escrito á Xunta de Galicia na que demanda que se tomen as medidas oportunas para garantir a seguridade dos docentes do CEIP público Xosé Rábade de Arias, de Rábade.

Como explica o sindicato este centro, dependente da Consellería de Educación, desenvolve a súa función en coordinación co centro de menores Santo Anxo. No pasado curso producíronse no mesmo situacións de gravidade e intentos

de agresión e risco físico para o profesorado.

“A vista dos antecedentes, dende CIG-Ensino queremos manifestar o noso máis rotundo desacordo co tratamento que dende a Xefatura Territorial se lle está dando, na actualidade, á problemática existente no colexio Xosé Rábade. Cóstanos que nesa Xefatura se coñece perfectamente problemática específica e concreta á que nos referimos”, din.

O polígono de Rábade está ocupado un 90%, segundo a SEA

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, analizou coa xerente da sociedade estatal Solo Empresarial do Atlántico (SEA) a evolución dos proxectos que desenvolve na provincia este organismo e que implica a xestión do polígono.

Rodríguez e Sestayo mantiveron unha xuntanza na Subdelegación

do Goberno coa finalidade de impulsar a creación de emprego na provincia a través das políticas activas do Executivo. En Rábade, tralas últimas operacións pechadas a ocupación do solo supera o 90% e hai varias negociacións en marcha, polo que se prevé que se agote nos vindiros meses.

Organizan o 17 un obradoiro sobre estrés e ansiedade

O centro sociocultural de Rábade acollerá o día 17 de novembro un obradoiro de manexo do estrés e ansiedade organizado polo servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade.

A formación terá lugar entre as 16.30 e as 20.00 horas do mércores 17 e ten como obxectivo aprender a xestionar as emocións, conseguir un manexo axeitado do estrés e da ansiedade e lograr unha adaptación óptima a calquera situación de cambio e/o transición vital: enfermidade, dolo etc.

O curso está dirixido a toda a poboación en xerla e estará a cargo de Mario Alberto Rivas Carro, enfermeiro educador e psicólogo do hospital Lucus Augusti de Lugo.

A inscrición pode realizarse ata o día 16 a través da web da escola galega de saúde <https://escola-saude.sergas.es/> (listado de cursos presenciais) ou por mail en prevenciondrogas@rabade.org remitindo nome e apelidos, enderezo, teléfono e DNI.

HR

Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

As análises de metais dan vía libre ao consumo de auga da traída

O alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, confirmou que xa se pode consumir de novo auga da traída segundo indican os resultados das análises realizadas. En días anteriores emendouse o problema da auga da traída, que provocou que se interrompese a súa subministración en 14 parroquias, afectando a máis de 3.000 dos 5.000 veciños do concello, pola alta presenza de arsénico. Segundo indicou “agora xa está todo ben, e emendouse o problema ini-

cial”. Balado constatou que “xa o xoves pasado substituíronse as partes dos filtros que deixaban pasar area e deixaban pasar todo a auga sen tratar” e esperábase ao resultados das análises para dar luz verde ao consumo.

Castro de Rei viuse obrigado a interromper o consumo de auga, en 14 parroquias durante uns días, por esa alta presenza de niveis de arsénico, por encima dos límites que marca a Unión Europea



EN BREVE

TEATRO. A Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei retomará un ano máis a súa actividade da man de Guillermo Cancelo, que dirixirá os cursos. Así as clases de adultos terán lugar os martes de 20.00 a 22.30 horas e as persoas interesadas en participar deberán inscribirse no teléfono 639 319 502 ou no correo teatrodomiologmail.com. Durante este curso montárase unha nova obra, A croa dos chairros, ambientada no Castro de Viladonga.

OS VALUROS. Os Valuros de Castro de Rei retoma a súa formación para participar no grupo impartindo clases de gaita, tambor, bombo, pandeireta e baile tradicional. Os interesados en asistir poden poñerse en contacto co grupo no teléfono 646 475 639. As clases impártense todos os xoves.

PSOE. O voceiro do PsdeG de Castro de Rei, Jose Luís Castro Tello, avanzou que a Agrupación Socialista está enviando, a través do servizo de Correos da localidade, un Boletín Informativo no que presentan ás propostas socialistas defendidas no Concello, diante da veciñanza.

Esixen a reapertura do centro de saúde local



O Bloque Nacionalista Galego en Castro de Rei celebrou unha concentración diante do consultorio de Castro de Rei co motivo da defensa da sanidade pública e a apertura deste centro. Contou coa presenza da deputada por Lugo do BNG, Carme Aira, e a voceira e concelleira local, Digna Lagarón, entre outros integrantes da formación.

Digna Lagarón explicou as razóns pola que a organización convocou esta concentración “continuamos a pé de rúa para evidenciar que non queremos que desmantelen o consultorio de Castro de Rei, o BNG e a veciñanza non consinte que nos

rouben un ben prezado como é a nosa sanidade pública” declarou. Neste sentido, a concelleira nacionalista destacou que “este consultorio é a imaxe do desmantelamento que está a facer o Partido Popular nos servizos públicos do rural, por esta razón o BNG continuará loitando pola apertura do consultorio” dixo a concelleira. Grazas ás mobilizacións convocadas polo BNG para recuperar a atención primaria neste concello, a Consellería de Sanidade reaccionou con diferentes accións para axilizar o servizo, pero a realidade, é que non existen melloras no funcionamento da atención primaria.

A Deputación licita os servizos e subministracións da Granxa Gayoso Castro

A Deputación de Lugo saca a licitación diversos contratos por importe de 130.000€ para prestar servizos e dotar de diferentes subministracións a Granxa Gayoso Castro para o seu correcto funcionamento.

Por unha banda, quedou aprobada a licitación da subministración de material de cama para os cubículos da Unidade de Leite por importe de 21.450€. Este contrato é por un ano, coa posibilidade de prorrogalo anualmente ata un máximo de 3 anos.

E por outra banda, tamén se licitou o contrato para a prestación de servizos veterinarios por 106.000€ en tres lotes: un deles para o servizo de urxencias 24 horas, outro especializado en podoloxía para o desenvolvemento dun programa de prevención de coxeiras e problemas podais; e o terceiro, especializado en reprodución e mellora xenética. Este contrato adjudicárase por un ano, podendo facer unha prórroga doutro ano máis.

NOME. O Pleno desbotou unha proposta do BNG para mudar o nome da Granxa Gayoso Castro provincial. O Deputado de Recursos Sostibiles, Roberto Fernández Rico, explicou

que a Lei 52/2007 do 26 de decembro, Lei de Memoria Histórica, non indica que haxa que condenar de maneira xeral e automática a todos e cada un dos cargos políticos dos 40 anos de ditadura.

“Avaliando as decisións e información que temos de José Gayoso Castro, e tendo en conta a finalidade da Lei, non atopamos relación nin coñecemos datos que relacionen este proxecto e a posible implicación directa de Gayoso Castro na sublevación, na Guerra Civil ou na Represión. Nin atopamos datos persoais del que avalen fóra deste proxecto a súa participación na Represión”, aclarou o deputado.

Afirmou en todo caso que, “se existen en todo caso eses datos de participación na sublevación, Guerra Civil ou Represión, agradecemos que se poñan en coñecemento e valoraremos a nosa posición”.

Por outra banda, Fernández Rico incidiu en que non se pode aceptar o nome proposto, Complexo Agro-gandeiro e de Investigación Universitario de Castro, porque “desvincula totalmente a Granxa do feito fundamental de que estas instalacións pertencen á Deputación de Lugo”, explicou.

Charla de compostaxe

O Concello de Castro de Rei acolle unha charla sobre compostaxe doméstica o xoves 18 de novembro. Esta reunión informativa será na casa da cultura de Castro Ribeiras de Lea ás 16.00 horas. Para participar non será necesaria a reserva previa senón que será entrada libre ata completar o espazo habilitado. Ademais, ao final da charla farase un reparto de composteiros entre os asistentes.



A Deputación aproba as obras da praza da Galeguidade

A Deputación de Lugo aprobou na Xunta de Goberno novas actuacións para seguir mellorando a mobilidade na provincia por un investimento que se achega aos 900.000 euros.

Por unha banda, o órgano provincial deu luz verde á licitación das obras de humanización do entorno da praza da Galeguidade, no concello de Muras, por un importe de preto de 275.000 euros.

O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, recordou que “a Deputación financia integramente esta actuación a través dun convenio de colaboración que asinou o Presidente provincial co Alcalde de Muras e, agora, a institución tamén se encarga do procedemento de contratación da obra”.

O proxecto conta cun prazo de



Presentación do proxecto

execución de tres meses e levará consigo a creación dun novo espazo de convivencia que dará un maior protagonismo aos peóns, reducirá a velocidade dos vehículos e mellorará a accesibilidade. “Vaise xerar unha única plataforma

de pedra e formigón que unirá as fachadas dos edificios coa Alameda da Praza da Galeguidade, renovaranse as subministracións públicas e dotarase de novas luminarias e mobiliario urbano a esta zona”, destacou Rivera Capón.

Rematan as obras da vía que une o Pastizal co Campo do Cura

A deputada provincial Mónica Freire visitou xunto co alcalde Manuel Requeijo as obras de reparación e mantemento da vía de acceso ao Pastizal dende o Campo do Cura na parroquia de Balsa. Trátase dunha obra moi esperada “porque dá servizo as familias gandeiras da zona, que levan os animais ao monte”, afirma o rexedor.

Os traballos melloraron a vía cunha capa de saburra de 20 centímetros e na limpeza e perfilado das mar-

xes, ademais da limpeza dun paso canadiense. O proxecto contou cun orzamento de máis de 15.000 euros dos cales Medio Rural da Deputación de Lugo achegou 12.600. Trátase dunha obra que repercute directamente na veciñanza dunha zona gandeira centrada en actividades extensivas, un modelo que ten valor ambiental e social e que é unha das sinais de identidade de Muras. Manuel Requeijo lembra que eran “melloras moi necesarias

e demandadas pola veciñanza, xa que este vial de algo máis dun quilómetro dá servizo a toda a parroquia da Balsa, onde 25 familias se desprazan a diario para acceder ás súas granxas e para desprazando ao pastizal”.

Tamén aproveitouse a xornada para visitar os arranxos feitos no colexio de primaria CEIP Antía Cal xunto coa directora do centro, Raquel Blanco López, nos que se investiron 21.000 euros.

A Feira do Mel volve á normalidade o 20 e 21

A Feira do Mel de Montaña de Muras volverá a fin de semana do 20 e 21 de novembro cunha nova edición e un programa que recupera a normalidade de edicións anteriores á covid.

Será esta a VI edición da feira e a V da cata con actividades para todos os públicos e tamén un concurso no que presentaron 14 mostras de mel, unha das cifras máis altas de participación dos últimos tempos.

Para evitar problemas, haberá un reparto de espazos para evitar aglomeracións na parroquia do Viveiró, onde se vai realizar a feira.

Así, o sábado pola mañá dedicárase o programa ás charlas con tres ponencias a cargo de expertos que falarán sobre seguros apícolas, experiencias e o programa sanitario na Casa do Mel de Goente. As charlas terán lugar no colexio do Viveiró a partir das 11.00 horas.

Pola tarde, no mesmo centro, a partir das 16.00 horas, comezará a cata, que contará con sete especialistas alleos á vila e na que se elegirá o mellor mel e vinculados á organización, dirixida pola Casa do Mel de Goente. Unha vez rematada a cata haberá un magosto na praza do Viveiró, e presentarase o novo vídeo Mel de Montaña, unha iniciativa na que volveron participar os veciños da vila, algúns deles de máis de 90 anos de idade.

Rematará a sesión do sábado cunha actuación do dúo Venus, a partir das 21.30 horas.

O domingo será a vez da feira, que se iniciará ás 10.00 horas ata as 17.30 con dous locais de hostalaría abertos aos que se sumará unha pulpería que estará no colexio a



uns cen metros do campo da feira. Este cambio de ubicación faise tamén como unha medida de prevención de aglomeracións.

Segundo avanzou o concelleiro socialista de Muras, haberá 22 postos na feira, dos que 11 serán de mel de montaña e no resto haberá produtos de tempada, como cárnicas, queixo, castañas, licores e pan, entre outros. Ademais dúas asociacións estarán presentes, por unha banda a Antía Cal e por outra Anaris, o novo proxecto da comarca do Eume, no que se vén de integrar Muras. Os postos entregarán un agasallo aos compradores.

O domingo haberá un espazo destinado para os máis pequenos con actividades desde as 11.00 horas. Haberá para eles un showcooking a cargo de Belén Morandeira, chef do Restaurante Colón, que preparará un primeiros e un postres. Terá capacidade para 40 pequenos.

Ademais, a sesión estará amenizada pola charanga Os Celtas, de Ourense, e todo o lugar estará cuberto cunha carpa para protexer en caso de choiva. A xornada pechará coa entrega de premios.

O SAF do Concello atende a preto de 130 persoas

O número de maiores que están atendidos en Abadín polo Servizo de Axuda no Fogar ascende, segundo indicou o alcalde da localidade, José María López Rancaño.

Afirma que na actualidade se está a prestar este servizo a un número que oscila entre os 120 e 130 maiores, que son atendidos por un total de 60 traballadoras.

Engade o alcalde que a este número hai que sumar as 15 traballadoras e os 40 maiores que están no centro de día da localidade.

Segundo explicou Rancaño, ata o de agora a atención estaba nunha media de 110 persoas e este último ano aumentou o número de usuarios. Para Abadín, un dos concellos con maior número de usuarios en correlación co número de maiores existente, o investimento en este servizo rolda os 70.000 euros ao mes, como indica o alcalde.

Debido a isto, unha dos intereses principais do alcalde é a posta en marcha da nova residencia de maiores, cuxo proxecto está en estudo.

Poderán beneficiarse deste servizo as persoas e unidades de conviven-



cia que, reunindo os requisitos de acceso, atópese nunha ou varias das seguintes circunstancias dependencia, con déficits de autonomía, discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal na súa contorna inmediata, fogares con menores en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo e familias en risco de exclusión social.

O Servizo de Axuda no Hogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

A Xunta estuda o proxecto para facer a residencia de maiores

O alcalde de Abadín, José María López Rancaño, anunciou que a Xunta de Galicia está a estudar o proxecto deseñado polo Concello para a construción da residencia de maiores.

Segundo explica está a analizar o proxecto para ver si é compatible coa normativa de obrigado cumprimento por este tipo de centros. A residencia farase no edificio ubicado trala casa consistorial, edificada ao lado do colexio para albergar un instituto pero que non tivo ese uso.

O edificio está situado nun solar de topografía favorable, sen niveis importantes, parcialmente urbanizado e dotado dos servizos urbanísticos necesarios. A súa situación é óptima tamén desde o punto de vista da súa posición no centro urbano, xa que se atopa situado no Centro e moi ben comunicado, o cal facilita a mobilidade dos residentes, cun nivel de soleamento correcto e suficiente espazo de aparcamento dispoñible.



O edificio onde se fará a nova residencia

A futura residencia estará distribuída en dúas plantas e constará de 26 habitacións na planta alta, todas exteriores e dúas individuais con baño na parte baixa, onde estará tamén a consulta médica, unha habitación de illamento con cuarto de baño, unha enfermaría, sala de rehabilitación e polivalente, os servizos e o comedor e cociña.

O edificio dispón tamén dunha planta soto para a calefacción e

servizos varios.

En total, poderá acoller 54 residentes.

Segundo explicou Rancaño, a adecuación do edificio consistirá en derrubar as divisións interiores do edificio para adecualas á normativa. Ademais compartirán co colexio o edificio central que se dividirá en ximnasio e salón de actos. Polo de pronto o custe da obra é de 1.500.000 euros e será financiada polo Concello.

Adxudican solo industrial bonificado

A Xunta adxudicou un total de 14.874 m² de solo industrial —15 parcelas— cunha bonificación global de 335.000 euros nos concellos de Bóveda, Quiroga, Taboada e Xermade. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acaba de publicar a resolución pola que se resolve o concurso de venda de solo industrial convocado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo este mesmo ano.

En total adxudicáronse 22 parcelas en sete parques empresariais, de titularidade do IGVS, que suman máis de 25.000 m², polo que estes catro parques da provincia de Lugo acollen o 60% do solo adquirido. A Xermade correspóndelle unha parcela da Fase II, de 2.349 metros cadrados.

Os empresarios, aos que lles foi adxudicado esta superficie, beneficiáronse da política de incentivos.



O alcalde, co novo vehículo

Chega un novo vehículo para o servizo de Urbanismo

O Concello de Xermade recibiu xa o vehículo pick up adquirido polo organismo municipal destinado ao servizo de Urbanismo e medio ambiente.

O vehículo foi financiado con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental do ano 2021, liña de concorrencia competitiva da Xunta de Galicia.

Rematan as obras da estrada entre Xermade e Cabreiros

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de rematar as obras de mellora de firme dun tramo de 5,5 quilómetros da estrada LU-170, que une Parga e Cabreiros, ao seu paso polo concello xermadés.

Nestes traballos investíronse 450.000 euros. En concreto, a intervención consistiu na mellora do firme entre a intersección da Pena -no núcleo de Xermade- e Cabreiros, xusto onde comeza o treito rehabilitado pola Xunta hai uns anos.

Procedeuse á rehabilitación do firme en toda a superficie da estrada, mediante o estendido dunha nova capa de rodadura de altas prestacións nos treitos que presentaban mal estado, para in-

crementar a adherencia, reforzar a seguridade e ofrecer maior comodidade na condución aos usuarios.

A actuación incluíu, ademais, a limpeza das marxes da estrada, a reposición e o pintado das marcas viarias e o reforzo da sinalización vertical. Así mesmo, nos treitos con menor ancho e con gabias profundas, dispuxéronse cunetas de seguridade, que poden ser rebasables e utilizarse en caso de ser necesario. Colocáronse tamén barreiras de seguridade e sistemas de protección para motoristas.

A obra enmárcanse no Plan de reforzo de firmes, que este ano destina ás estradas autonómicas da provincia de Lugo un investimento de 4,6 M€.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE

gato con botas

zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilaalba (Lugo)
Tel: 982516550

Organizan cursos de primeiros auxilios e de educación sexual

O servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza un obradoiro de primeiros auxilios dirixido á poboación en xeral. A formación será impartida a través da Escola Galega de Saúde por persoal do 061 (Consellería de Sanidade). O obxectivo do curso é adquirir coñecementos básicos sobre o manexo de situacións que requiran actuación de primeiros auxilios básicos e aclarar dúbidas referentes os primeiros auxilios. O curso terá lugar o 1 de decembro, na casa da cultura do Concello entre as 16.30 e as 20.30 horas. A inscrición pode facerse ata o 30 de novembro na web da Escola Galega de Saúde ou en prevenciondrogas@rabade.org

EDUCACIÓN SEXUAL. Por outra banda, organizan no Concello un obradoiro de educación afectivo sexual para as familias no que se darán unhas pautas para a comunicación.



Esta actividade está organizada a través do Servizo de prevención de drogodependencias e está dirixido a todo o público en xeral.

A cita será o 22 de novembro de 2021, de 16.45 a 18.15 horas na casa da cultura de Begonte.

As persoas interesadas en asistir deberán inscribirse no correo prevenciondrogas@rabade.org xa que o número de prazas é limitado. A exposición estará ao cargo de Quérote+Lugo.

Abre o prazo para pedir as axudas de material e transporte escolar

O Concello de Begonte vén de abrir o prazo de presentación de solicitudes para as axudas a escolares deste municipio e que van dirixidas a todos os estudantes do termo municipal correspondentes ao curso 2021/22. As axudas están divididas en dúas convocatorias diferentes, por unha banda, as axudas de material e pola outra as de transporte escolar.

As axudas para material escolar están dirixidas a escolares de Infantil, Primeira e ESO que estuden no Concello de Begonte e os alumnos de Educación Infantil e Primaria de Saavedra e Uriz, escolarizados en Rábade.

Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos empadroados en Begonte que cursen estudos no

IES de Rábade ou noutros centros educativos públicos ou concertados, no curso académico 2020-2021.

Estas axudas, que se conceden en función da renda, teñen un máximo de 120 euros e van destinadas á compra de material escolar. Enténdese por material escolar: fichas de traballo de educación infantil, mochilas, cadernos, dicionarios e outros materiais directamente relacionados co desenvolvemento das actividades formativas escolares.

Respecto ás axudas ao transporte escolar durante o curso actual, están dirixidas aos estudantes que cursen estudos de bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior, ou estudos universitarios, co fin de contribuír a paliar o gasto diario ou

semanal, que os estudantes teñen como consecuencia do seu traslado a outras localidades para cursar os referidos estudos.

Teñen como requisito estar matriculados actualmente no Concello e Begonte que cursen os estudos superiores e que non teñan xa transporte gratuito para o desprazamento ao centro educativo.

Os beneficiarios contarán cunha axuda de entre 100 e 200 euros dependendo da distancia do seu centro.

O prazo de presentación da documentación necesaria para o outorgamento destas axudas nos dous casos rematará o 29 de novembro. Esta pode facerse a través da sede electrónica do Concello.

Firman o convenio para a reforma do colexio de Baamonde

A Xunta de Galicia colaborará co Concello de Begonte no acondicionamento dunha escola de música e a construción dun auditorio en Baamonde. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, e o alcalde, José Ulla, asinaron un protocolo no que ambas administracións se comprometen a cofinanciar a reforma das edificacións do antigo colexio da localidade.

O obxectivo do concello é consolidar unha escola de música con acreditación de conservatorio que xestionará a asociación Músico Crisanto, dando continuidade á actividade que ven desenvolvendo dende o ano 2007 en Rábade, Begonte e Outeiro de Rei e que se estende polos municipios veciños. Na actualidade o centro ten 150 alumnos e un total de 16 profesores de diferentes disciplinas e



Instalacións do antigo colexio de Baamonde

instrumentos, que imparten clase en espazos como o Centro Sociocultural e o Instituto de Rábade, a Casa da Cultura e o Centro Sociocultural de Begonte ou a Escola de Robra e o CEIP Laverde Ruiz en Outeiro de Rei.

Esta iniciativa servirá para agrupar a actividade musical nun centro

único, mellorando tanto as condicións de ensino como as dotacións da escola en xeral.

Esta firma produciuse un día antes de que o PSOE levase ao Parlamento unha iniciativa para reclamar o proxecto para o uso das instalacións do antigo CEIP de Baamonde.

xermade

O Concello está a desenvolver o Proxecto Habita Rural

O Concello de Xermade en colaboración coa organización sen ánimo de lucro Ecos do Sur está a desenvolver o Proxecto Habita Rural neste municipio. Unha das accións incluídas neste proxecto é a de facilitar información sobre vivendas disponibles a persoas que queiran residir no Concello.

A iniciativa inclúe a elaboración dunha listaxe de vivendas pertencentes a propietarios interesados en alugar, ceder ou vender.

As persoas que desexen incluír a súa vivenda neste censo deberán poñerse en contacto co concello e este traladará a súa petición a Ecos do Sur. A ONG contactará cos/as interesados/as para avaliar a adecuación da vivenda e as posibilidades para o aluguer, cesión ou venda, así como os recursos públicos existentes en materia de rehabilitación e aluguer social, no caso de ser pertinente. A inclusión no censo non ten custe e a información será confidencial.

Asesoría Enerxética Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS CON SALSA VARIADAS
RAXO PATATAS
TORTILLAS
NUESTRA CARTA
ALCO PARA PICAR
SABOREAR
NUESTROS DELICIOSOS

T: 982 510 061
[facebook/ataberna.vilalba](https://www.facebook.com/ataberna.vilalba)
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com


pol

Chimchiribote organiza unha aula teatral todos os xoves

A Asociación Cultural Chimchiribote organiza unha aula teatral no Concello de Pol e que xa deu comezo o xoves 11 ás 18.00 horas e terá continuidade ata o verán.

Este obradoiro será os xoves a partir das 18.00 e ata as 21.30 horas na Escolliña de Cirio.

A novidade é que un deles estará aberto a todas as persoas dende os 8 anos, favorecendo o contacto e as relacións interxeracionais. Polo momento hai anotadas 13 persoas pero avanza-



que se poderá apuntar calquer persoa chamando ao teléfono 679 865 866.

Celebrarán varias actividades no colexio pola igualdade

O CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro de Pol acollerá o día 25 de novembro unha sesión de contacontos infantil, que leva por título *Heroes e Heroas*, na que se narran dous pequenos contos que teñen como obxectivo a promoción da igualdade de xénero e a coeducación, dunha maneira activa, dinámica e divertida.

Trátase dunha actividade que se inclúe dentro dos actos previstos polo 25N, día da loita contra a violencia de xénero. A actividade, a cargo de

Manuela Varela, desenvolverase entre as 11.00 e as 12.00 horas e nela participará o alumnado do centro. Por outra banda, dende a Secretaría Xeral da Igualdade, no marco do acordo de colaboración para a conformación dunha Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, ese Concello foi seleccionado para desenvolver a actividade *Violencia de xénero e o novo contexto dixital*. Está programada para o 20 de decembro no colexio.

O Concello constrúe un área para acoller autocaravanas

O Concello de Pol está inmerso na mellora da contorna e dos servizos do municipio por iso súmase aos concellos que neste último ano contan cunha área de autocaravanas xa que este tipo de turismo está totalmente en auge.

Esta dotación contará cunha superficie de 2.000 metros cadrados e terá espazo para acoller a unha ducia de vehículos. O número de persoas que

viaxan en autocaravana ou furgoneta camper está a medrar de maneira considerable cada ano e ese é un dos motivos fundamentais para que o Concello aposte por ela.

Esta infraestrutura poderase levar a cabo grazas a unha achega do Goberno autonómico de 28.828 euros para dotar a este espazo dos servizos necesarios como son o saneamento, auga e luz.

riotorto

O Concello acordou unha baixada do IBI Urbana

O Concello de Riotorto acordou unha baixada do IBI Urbana, reducindo o tipo impositivo do 0,65% ao 0,50%. Así, aprobouse en Pleno co voto favorable dos 6 concelleiros do PP e a abstención do BNG e PSOE.

Esta medida suporá un aforro medio para cada propietario dunha parcela urbana ou vivenda duns 50 euros no vindeiro ano 2022.

En xaneiro deste ano o Grupo Socialista rexistrou unha moción coa que reclamaba esta redución dende o 0,65% actual a un 0,45%, "permitindo así aliviar a carga financeira dos nosos veci-



Concello de Riotorto

ños no complicado contexto socioeconómico actual no que nos atopamos".

José García remarcaba naquel momento que "nestes intres hai unha boa situación económica no Concello, debido á política recaudatoria de Clemente Iglesias que aplicou un aumento de impostos coa subida de case dun 100% na taxa de recollida de lixo, e tamén coa recadación das case mil novas altas derivadas de revisión catastral de bens inmoebles" (unha modificación que supuxo unha subida de sesenta euros por cada alta rexistrada).

Pola súa banda, o BNG riotortense no ano 2017 pedira tamén unha rebaixa que lle permitira ao Concello manter a recadación.

O alcalde urxe á Deputación Provincial a execución do proxecto do polígono industrial

O alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, fixo chegar un escrito á Deputación no que demanda "a maior brevidade" a execución do proxecto Urbanización parque empresarial Vilarín-Riotorto, "en base á demanda das empresas locais para instalarse no referido polígono".

Segundo indica, a aprobación definitiva do proxecto de urbanización foi realizada no mes de novembro de 2019 pola Xunta de Goberno Local do Concello de Riotorto. Días despois, o 26 dese mesmo mes, foi comunicada dita aprobación á Deputación Provincial de Lugo, rexistro 2019RT005711 e nese mesmo escrito solicitábase que se procederá a súa licitación.

Iglesias afirma que posteriormente, no ano 2020, enviouse

escrito o presidente da Deputación solicitando que se incluíran nos orzamentos do ano 2021 a consignación necesaria para facer realidade o polígono industrial de Riotorto.

Pasados 2 anos dende a súa aprobación a Deputación Provincial de Lugo aínda non sacou a licitación dito proxecto.

O proxecto de urbanización realizado por Suplusa e aprobado definitivamente por este concello ascende á cantidade de 402.250 euros, polo que consideran que a inversión é asumible pola Deputación.

O Concello solicita por tanto que se inclúa nos orzamentos do ano 2022 da Deputación Provincial a consignación necesaria para que a Deputación licite no vindeiro ano a urbanización do polígono.

Organizan en Órrea unha charla e preparan un libro de fotografía

A Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea celebrará o próximo 27 de novembro unha charla con Carlos Varela Aenlle sobre O pasado da parroquia de Santa Comba da Órrea.

O ponente é neto da veciña do lugar Flora de Pipín, estudoso da comarca, autor da Guía do Concello de Riotorto e membro da Real Academia Galega.

Presentará o acto Xesús Rei Graña, coñecido como Suso do Fereiro de Fulgeirúa. A sesión terá lugar ás 17.00 horas no local social. Por outra banda, a Asociación ten previsto publicar un segundo libro de fotografías da parroquia para o que volve pedir a colaboración veciñal. O obxectivo é escoller unhas 12 fotografías por barrio. O último día de entrega das fotografías para proceder ao seu escaneado é o 27 de novembro e serán devoltas todas ao día seguinte.

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

Preparamos comidas para llevar por encargo

BODAS Y BANQUETES

La Casilla

Especialidad en almejas y chuletón

GUITIRIZ 982 37 01 88

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES zona para Boda Civil www.lacasilla.es

TALLERES MULTICHAP

CHAPA Y PINTURA

Rúa do comercio 142 - Pol. O Ceao (Lugo)

Tel. 630 009 733 - Fax. 982 817 202

Comezan obras no depósito de Corbelle e na EDAR de Bretoña

O Concello da Pastoriza iniciará estes días as obras de limpeza e mellora do depósito de abastecemento de auga municipal en Corbelle, unha obra que ten un presuposto de 31.000 euro, cunha subvención de Augas de Galicia de 25.000 e unha aportación municipal de 6.000 euros.

As obras consisten na impermeabilización do interior do depósito cunha lámina de pvc de uso para auga potable. "Con esta actuación evitaranse as fugas de auga a través das paredes do depósito, o cal rebundará nun aforro de auga e enerxía eléctrica na estación de bombeo", indica o voceiro, Constantino Fernández Leira.

As obras está previsto que finalicen co mes de novembro.

Por outra banda, tamén remataron as obras de mellora e acondicionamento da estación de bombeo de Vián cun presuposto de 6.000 euros a cargo dos fondos municipais. As obras consistiron na construción dun muro de formigón de dous metros de fondo en tres caras do depósito para evitar a entrada de augas plu-



A estación de Vián, no interior e exterior, durante as obras

vias no mesmo. Tamén se acondicionou unha arqueta e impermeabilizouse o interior da estación.

Tamén están en marcha obras de mellora e acondicionamento do servizo de augas e da depuradora de Bretoña. Teñen un presuposto de 35.000 euros, subvencionados por Augas de Galicia con 28.000 e a aportación municipal 7.000.

As obras da EDAR consistirán na substitución e renovación do seu equipamento para lograr un maior

rendimento así como unha mellor xestión e control dos residuos. A súa finalización será a finais de novembro. "Un paso importante para a mellora do noso medio ambiente no control e depuración das augas residuais", lembra Fernández Leira.

Xunto a estas obras tamén deron comezo os traballos de reforzo da tráda de auga que dá servizo a un grupo de vivendas e negocios no lugar de Paraxes e finalmente amañouse a varanda da ponte en Baltar.

A Asapa urxe a construción dun centro de día no Concello

A Asapa, Asociación de Comerciantes da Pastoriza, remitiu un escrito ao Concello da Pastoriza no que urxe a construción dun centro de día no termo municipal.

Tal e como expoñen, "todos somos coñecedores do interés xeral que existe de poder dispor de un Centro de Día no noso Concello". Engaden que "o gran avance tanto de xestión como de construción desta infraestrutura nos Concellos limítrofes é visible e protagonista, xa que un edificio público destas características resulta beneficioso para os nosos maiores e de maneira indirecta contribúe a mellora da

economía do pobo".

Afirma a Asapa que "nos consta" que un paso se deu coa compra que existe dunha parcela para tal fin. Debido a isto solicitan información sobre o estado de tramitación desta infraestrutura "sa que será un gran paso para A Pastoriza".

"Agradeceríamos unha rápida contestación xa que a curto prazo, esta Asociación, ten previsto (dependendo como se encontre o estado de tramitación) seguir adiante e non cesar ata conseguilo dado que a poboación que vive neste Concello maior de 65 anos é de un 34% e o dato sigue en aumento", din.

A Pastoriza recupera o programa Mulleres do Miño

O Concello da Pastoriza puxo en marcha unha nova edición de Mulleres do Miño, unha iniciativa que ten como obxectivo visibilizar a relidade das mulleres coincidindo co 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero.

Este ano, o programa segue apostando por iniciativas culturais e educativas como medios para promover unha concienciación cidadá sobre a necesidade dunha igualdade real e efectiva.

As iniciativas de Mulleres do Miño comezaron con actividades escolares a cargo da psicóloga e bailarina Xiana Vilas.

Por outra banda o venres 26 de novembro ás 20:00h no auditorio da Casa da Cultura terá lugar a presentación do libro *Galiza e feminismo en Emilia Pardo Bazán* coa presenza da autora, María Pilar García Negro. A profesora e investigadora examina, neste ensaio, o feminismo de Emilia Pardo Bazán e a súa actitude ante a lingua e literatura galegas.

O sábado 20 de novembro ás 17.00 horas no Auditorio da Casa do Con-



cello da Pastoriza chega o teatro da man da compañía Aveláña Teatro coa representación da obra *A Lola*, unha homenaxe a todas esas mulleres que sobreviviron aos seus maridos, arrebatados polo terror franquista. Un relato que xoga co presente (mediados dos anos sesenta) e o pasado (os anos da Segunda República e os inmediatamente posteriores ao golpe militar de xullo de 1936).

Volve a Ruta de Tapas

A Pastoriza volverá recuperar a ruta das Tapas, que chega a súa VII edición, a fin de semana do 19 ao 21 deste mes organizada pola asociación de comerciantes local, Asapa.

Nesta ocasión a organización traballou arreo para impulsar este evento e involucrar a todos os locais hostaleiros que puideron. Así serán dez os locais participantes, 5 de Pastoriza (O Cruceiro, Xarope, Brétema, a Casa da Cultura e O Castro) e 3 en Bretoña (Tropical, EsKina e Luciano), ademais de Casa Germán da Reigosa e Taberna Molareda de San Cosme.

Todos aqueles que completen o roteiro poderán optar aos diferentes



premios que se repartirán. Como primeiro haberá 350 euros máis un vale de 100 para compras. O segundo serán 200 euros máis 50

en compras. Tamén haberá tres premios máis de 50 euros cada un para gastar respectivamente nos supermercados A Pastoriza e Atlático e en Gasóleos O Acebreiro. O sexto agasallo será un curso de conducción PTC e o sétimo un curso de tiro con arco para dúas persoas. Os horarios de servizo de tapa serán os venres e sábados de 19.00 ata a medianoite e o domingo de 12.00 a 15.00 horas. Haberá servizo de bus con saídas da Pastoriza ás 19.30 horas con percorrido por Reigosa, San Cosme, Bretoza e regreso a Pastoriza. Cada 40 minutos pasarán por diante dos bares.

MESÓN MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com

MAESTRO IMAN

VIDENTE AFRICANO
ALTA EXPERIENCIA

Puede resolver todo tipo de problemas. Especialista de vida Amorosa, Recuperación de pareja, Impotencia Sexual, Familiares, Mal de Ojo, Hechizos...

SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido

651 44 11 86

DEPUTACIÓN

O Pleno acorda esixir á Xunta a realización das obras pendentes

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia a dotación de fondos económicos e un plan de execución para os proxectos pendentes na provincia de Lugo. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de outubro tras unha proposta presentada polo Goberno provincial, que saíu adiante co apoio do PSdeG e o BNG, e cos votos en contra do PPdeG.

En concreto, a institución provincial reclámalle ao Executivo autonómico que se acaden niveis de compromiso coa provincia e se fixen dotacións orzamentarias para os grandes proxectos pendentes na provincia de Lugo, con especial atención ás infraestruturas e aos servizos. Entre elas, exemplifican a Vía de Alta Capacidade da Mariña, as obras relacionadas co subministro de auga, o Porto Seco de Monforte, a Ronda Leste de Lugo ou o Cuartel de San Fernando, entre outros. Tamén os servizos públicos, como a recuperación de cadros de persoal e especialidades no conxunto da rede provincial do Sergas, o mantemento do profesorado en niveis similar aos do curso escolar 2020/2021 ou o desenvolvemento industrial.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, fixo fincapé en que a Xunta ten paralizados proxectos de

dúas categorías. “Están proxectos que van ano tras ano con partidas de similar contía pero que logo non se executan; e logo están os proxectos que nin figuran nas contas da Xunta, a maioría deles son reclamados polos Concellos pero que non aparecen. A lista sería interminable, pero basta con facer alusión ás necesidades que presentan os concellos para o abastecemento e depuración de augas ou nas comunicacións”, indicou.

García Porto mencionou que as contas autonómicas “deberían ser realizadas de abaixo cara a arriba, e non de arriba cara abaixo para responder ás necesidades dos concellos, escoitando aos Alcaldes e Alcaldesas”. Subliñou que “a proposta nace como reacción ante a soberbia e a ineficacia do Goberno da Xunta que non ten en conta as opinións da veciñanza, e da ineficacia duns orzamentos que xeran titulares de prensa pero que están baleiros de contido. Escoitamos que os orzamentos volven acadar cifras récord, o Goberno vai de récord en récord, pero ao final non se atraen empresas, non se crean prazas de escolas infantís, seguimos sen acceso a Internet de calidade e entre outras carencias, sen docentes dabondo

nos centros de ensino”, recalcou a Deputada.

SERVIZOS BANCARIOS. A sesión plenaria de outubro tamén sacou adiante unha proposta socialista -cos votos a favor do PSdeG e BNG e a abstención do PPdeG- para reclamarlle á Xunta de Galicia un plan de recuperación dos servizos bancarios na provincia de Lugo. Unha iniciativa que responde ao peche de oficinas que se suceden nas vilas e concellos galegos nos últimos doce anos, significando estes peches o 51% da rede bancaria que había.

García Porto indicou que nos últimos doce anos se perderon máis de 5.000 empregos en Galicia “ante a indiferenza e a falta de planificación económica dos sucesivos gobernos populares”. A Deputada evidenciou que máis de 7.000 veciños e veciñas da provincia carecen de acceso aos servizos bancarios no seu lugar de residencia, poñendo de exemplo os municipios de Negueira de Muñiz, O Páramo, Ribeira de Piquín ou Samos, que carecen xa de oficina bancaria. “A Xunta contribúe ao desmantelamento dos servizos bancarios, porque con fondos públicos está subvencionando que as entidades instalen caixeiros nos concellos pe-



Membros do equipo de Goberno antes de entrar no Pleno

chando oficinas, sen garantir axeitada atención persoal á veciñanza”, dixo a voceira socialista do Goberno provincial.

Sinalou, así mesmo, que a proposta tamén inclúe a petición dun plan integral de telefonía móbil no rural que permita acceder aos servizos de banca electrónica e telemática, á vez que tamén insta a que se dote de financiamento aos concellos para que poidan desenvolver plans de formación dirixidos á terceira idade para fomentar o uso das tecnoloxías. Sinalou, así mesmo, que a proposta tamén inclúe a petición dun plan integral de telefonía móbil no rural que permita acceder aos servizos de banca electrónica e telemática, á vez que tamén insta a que se dote de financiamento aos concellos para que poidan desenvolver plans de formación dirixidos á terceira idade para fomentar o uso das tecnoloxías. “A día de hoxe as apostas por bancas telefónicas ou a través de internet non son as solucións máis acaídas para unha provincia rural como é a de Lugo. Temos unha cobertura móbil deficiente e unha poboación de idade avanzada que prefire os trámites presenciais. Por iso, a falta

de oficinas provoca que a veciñanza teña que buscar fórmulas de desprazamento con custes engadidos, que tamén dependen do estado de saúde das persoas”, salientou.

PLAN ÚNICO. O pleno tamén rexeitou a proposta popular para incrementar nun 25% o Plan Único no 2022 e que a Deputación amaíe a estrada que constitúe o cinto comarcal de Lugo.

Castiñeira sinalou: “Chámonos moito a atención que alcaldes e alcaldesas como os de Pedrafita, Castroverde, Viveiro, Xermade, Ribeira de Piquín e Monforte votaran en contra de ampliar o Plan Único nun 25%, porque é bo para eles como alcaldes e é bo para os seus veciños, pero así é a dinámica do PSOE; dos alcaldes do BNG, pois o mesmo”.

135 asociacións reciben axudas para realizar as súas actividades

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo distribúe entre as entidades asociativas culturais da provincia un total de 201.000 euros co obxectivo de contribuir ao financiamento de distintas actividades culturais e facilitar o investimento na renovación e mellora de equipamentos e instalacións dos locais sociais. Un total de 135 asociacións de distintos puntos da provincia beneficianse desta convocatoria segundo se recolle na resolución provisional publicada no Boletín Oficial a Provincia.

No que atinxe á resolución das achegas para actividades de interese cultural, 89 colectivos de todas as comarcas poderán beneficiarse dunha partida global de 130.000 euros para desenvolver o seu traballo habitual ou ben financiar algunha cita concreta. Así, as asociacións solicitaron neste este 2021 axudas para a realización de xornadas culturais, mostras tradicionais, certames de distintas modalidades artísticas,

obradoiros de música tradicional, teatro, fotografía ou pintura, campamentos formativos, viaxes culturais, publicacións, exposicións, festivais, traballos audiovisuais, obradoiros cinematográficos, concertos ou celebración de festividades con aceno propio como o magosto ou as festas de xogos tradicionais.

Unha segunda liña de subvencións permitirá a 46 entidades mellorar as instalacións e equipamento dos locais sociais, distribuindo entre elas un montante total de 71.000 euros. A mellora substancial destes espazos reflectirase na compra de mobiliario, equipos e material de distinto tipo vinculado á realización de eventos. As subvencións oscilan entre os 300 e os 3.000 euros, en función dos baremos establecidos nas bases que, entre outros aspectos, priorizan as iniciativas das asociacións con maior traxectoria na dinamización cultural e as de concellos de menos de 2.000 habitantes.

A Deputación recibe a medalla de Concepción Arenal

A Deputación de Lugo recibiu este luns unha das medallas Concepción Arenal durante a inauguración das 35ª Xornadas Penitenciarias Lucenses, que se desenvolven no centro cultural do Vello Cárcere de Lugo baixo o título Novas adicións, novas formas delitivas. O encontro, organizado pola Asociación Penitenciaria Concepción Arenal, conta coa colaboración da institución provincial que, por unha banda, achega 23.900 euros e, por outra, emite as xornadas vía streaming a través da canle de YouTube do seu Servizo de Audiovisuais.

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, foi a encargada de recoller a medalla coa que a Asociación Penitenciaria Concepción Arenal recoñece o apoio do SdeA na difusión do labor que desenvolve, especialmente das dúas últimas



edicións das Xornadas Penitenciarias. A emisión por streaming a cargo deste servizo provincial fixo posible o desenvolvemento do encontro do ano pasado, integramente online por mor da pandemia, e a deste ano, no que a conferencia inaugural é por vídeoconferencia e no que a metade dos inscritos participan vía online.

Ademais de García Porto, na inauguración das xornadas participaron a Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, a Subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, a presidenta da Asociación Penitenciaria Concepción Arenal, Elvira Fernández, e os directores dos centros penitenciarios de Monterroso, Antonio Rivera, e de Bonxe, José Manuel Pernás.

Investimentos viais na provincia

A Deputación renova varias infraestruturas da comarca cunha inversión superior aos 5 millóns de euros en 2021



Responsables da Deputación visitando a obra da estrada LU-P-6510 de Vilalba, que conecta co núcleo de Panchita, e, á dereita, en Muras, onde asinaron un convenio para humanizar a praza da Galegidade

A Deputación inviste neste 2021 nas estradas da comarca da Terra Cha 5M€ a través de varias liñas de actuación. Dos 4.200 quilómetros da rede de estradas provinciais, a máis longa de toda España e tres veces maior que a da Xunta de Galicia na provincia, máis de 650 quilómetros percorren esta comarca, repartidos en 139 vías. Percorren os municipios de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, Muras, A Pastoriza, Pol, Vilalba e Xermade.

A institución provincial ten en marcha ou vén de finalizar unha decena de proxectos para renovar e mellorar as estradas da súa titularidade cun investimento que ascende a máis de 1M€. A esta contía cómpre engadir as accións que financia a través do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 para a mellora de camiños, accesos a núcleos de poboación e o acondicionamento e humanización de vías municipais, e que ascenden a preto de 2,4M€. En concreto, con estes fondos acondiciónanse accesos a 118 barrios e parroquias da comarca e renóvanse as beirarrúas dun conxunto de rúas da capitalidade de Castro de Rei e da parroquia de Roupar, en Xermade.

Así mesmo, a Deputación tamén actúa nas estradas con medios propios do Parque Móbil. No que vai de ano realizou diversas actuacións na Terra Chá, valoradas en preto de medio millón de euros, segundo os prezos de mercado.

Neste ano, a Deputación asinou un importante convenio co Concello de Muras para humanizar a contorna da Praza da Galegui-

dade que suporá un investimento de preto de 300.000€. Un proxecto que lle dará unha nova visión a unha estrada provincial onde terá un maior protagonismo o peón fronte ao tráfico rodado.

A maiores, a Deputación ten en marcha o Plan Provincial de Conservación de Estradas, a través do que destina máis de medio millón de euros a garantir a seguridade viaria nas vías da Terra Chá, con actuacións como a atención de incidencias as 24 horas do día. Estas comprenden a eliminación de placas de xeo, estendido de sal, asistencia por vertidos ou para actuacións puntuais como reparación de fochancas, melloras do firme, apertura de cunetas ou mantemento da sinalización.

MOMÁN-AS PONTES. Unha das actuacións máis relevantes que a Deputación de Lugo vén de acometer recentemente na comarca é a renovación da estrada que conecta en Xermade a parroquia de Momán co Concello das Pontes de García Rodríguez. Na vía LU-P-2204 investíronse neste ano máis de 700.000€ para a mellora de máis de 4 quilómetros, que se suman a outras obras que a institución realizou na vía en anualidade anteriores. En total, a Deputación destinou un total de máis de 1M€ de investimento para rehabilitar os 7 quilómetros iniciais da vía, co que só queda pouco máis dun quilómetro para a renovación integral de toda a calzada. A institución xa ten redactado o proxecto e consignado o orzamento para acometer este últi-

mo tramo.

A Deputación mellorou en Vilalba a estrada que conecta os núcleos de Panchita e Oleiros, a LU-P-6510, cunhas obras que ascenderon a 150.000€. Unhas actuacións que afectan a un treito moi transitado pola veciñanza, que a utiliza a diario para desprazarse a estas dúas parroquias, pero tamén para desprazarse a outros puntos do municipio da capital da Terra Chá como Nete ou Ladra, á vez que permite unha conexión directa con Cospeito e San Xurxo.

En Guitiriz, a institución provincial actuou na rúa do Mercado, na LU-P-2301, que discorre cara a parroquia de Vilares, cun investimento de preto de 65.000€, substituíndo as lousas de pedra natural que estaban deterioradas. Outra das actua-

cións na rede viaria provincial ao seu paso por Guitiriz foron os traballos de rehabilitación do firme da LU-P-2302, que comunica a capitalidade de Guitiriz co concello de Sobrado dos Monxes, na provincia da Coruña, e onde a Deputación destinou preto de 200.000€.

Nesta comarca son relevantes tamén as melloras acometidas na estrada LU-P-1106, ao seu paso polo municipio da Pastoriza, cun investimento de 167.180€. Esta vía soporta un elevado volume de tráfico, pois é moi utilizada pola veciñanza para comunicarse con Mondoñedo e os concellos da costa. Ademais, soporta o tráfico que se dirixe a unha canteira situada no núcleo de Xemil, xustamente por onde transcorre a estrada. Outro dos proxectos é o de mellora da estrada que une os municipios de Cospeito e Vilalba, a LU-P-6501, que comunica San Xurxo de Rioaveso e remata en Feira do Monte e para o que se destina preto de 27.000€ para mellorar o firme nun dos seus treitos.

A Deputación de Lugo continúa demostrando que unha das súas prioridades é a mellora das comunicacións, dende o convencemento de que se trata dun factor fundamental para o equilibrio territorial e para o desenvolvemento do rural, porque axuda a fixar poboación e a achegar os servizos. Ademais, en tempos de crise, a obra pública pode e debe actuar como un motor que incentive a actividade económica e que axude a manter ou crear emprego.



Supervisión dos traballos da estrada Momán-As Pontes

DEPORTES

40 anos do SD Muimenta

O equipo fixo cambios importantes para mellorar O Pichón, o seu campo

Esta tempada tócalle ao Muimenta celebrar o seu 40 aniversario de fundación e faino neste ano no que os xogadores das categorías autonómicas, ou rexionais como tamén se chaman, volven aos campos tras un ano e medio de parón debido á covid, xa que o fútbol afeccionado sénior non fixo competición o ano pasado debido á baixa inscrición de equipos na Liga.

O club festexa por tanto un dobre evento e lembra o seu nacemento, aló polo ano 1951, cando un grupo de amigos decidiu xuntarse os domingos polas tardes para xogar.

Ano tras ano foi collendo máis afección, ata empezar a participar en ligas coma a da Terra Chá, onde colaboraban concellos como Cospeito, Castro de Rei e Meira.

No ano 1961 un grupo de veciños xestionaron os terreos do actual campo do Pichón, para que o Muimenta tivera campo propio e logo todo foi crecer.

Pero non sería 30 anos despois, no ano 1981, cando sendo presidente do SD Muimenta Perfecto Morán, o club fedérase e entra a formar parte das competicións oficiais cun campo xa preparado baixo a normativa necesaria. Acompañaban nesta andaina á directiva o vicepresidente Félix Pacio; o secretario Pepe da Caixa, o tesoureiro Manuel Vila e como vogais Lino, Kiko, Toñito de Neira, Avelino do Xastre, Carlos García, Penelas e Darío. Os adestradores do momen-

to eran Del Árbol, Nito e Irenio. Tempo máis tarde, aproveitando a celebración do seu 25 aniversario, logran o ansiado ascenso a Primeira Rexional. A traxectoria do club foi sempre positiva pola súa implicación coa vila e o deporte e nela figuran como non podía ser doutro xeito ascensos e descensos e hoxe en día conforman a Segunda Galicia, categoría na que se manteñen.

Se o primeiro ascenso do club a Primeira foi importante, tamén o foi para o seu crecemento contar cun campo e material necesarios para a práctica deportiva e melloralo como foi a incorporación de gradas e vestiarios. Tamén houbo outras melloras importantes recentes como novas torretas de iluminación, asentos nas novas gradas, un pequeno ximnasio nos antigos vestiarios e unha pequena zona de adestramento para non estropear o campo de xogo, que vén de ser inaugurada.

A pesar dos desexos do club, para conmemorar este 40 aniversario non está prevista ningunha celebración especial debido á alerta sanitaria pero non descartan facelo se a situación segue mellorando co obxectivo de poder reunir a socios, ex directivos, directivos, ex xogadores e xogadores.

Hoxe o club está presidido por José Seoane, ao que acompañan Zaira Vázquez como secretaria; Jesús Vigo como secretario e José Miguel Vázquez como tesoureiro. Con eles están sete vogais máis: Fernando

Carreiras, Lucía Anllo, Iván Peña, Iván Iglesias, Diego Eiras, Gema Lamas e Hugo Engroba.

O EQUIPO DESTE ANO. Este ano o equipo queda formado casi polos mesmos xogadores que o integraban antes de que se parara a competición, agás dous deles, que por motivos laborais ou personais este ano non poden xogar. Así, continúan entre outros Julio Rodríguez, Jairo Gegunded, Fernando Val, Samuel Seijas, Daniel Irímia, Pablo Regueiro, Diego González, Álex Barja, Rubén, Edu, Matías, Julio, Iago e os irmáns Morán. Baixo paus seguirán Javier Alonso e Javier Noche e de capitán Hugo Engroba.

Tiveron catro novas incorporacións de xogadores: Adrián Fernández, Diego seara, Rubén Pena e José Ángel Carballeda. Como primeiro adestrador está José Cendán Basi e de segundo Jesús Vigo.

Polo de pronto non falta a ilusión de "como mínimo" manterse na categoría aínda que este ano o principal será volver desfrutar deste deporte despois de tanto tempo parados.

A dificultade que atopan, segundo explican dede o club, é a mesma que teñen equipos como o Muimenta, afeccionados que teñen un orzamento modesto polo que resulta complicado cumprir con todos os novos protocolos esixidos. Pero non falta intención de continuar malia que teñan que ser "prudentes, estar pendentes tanto nos adestramen-



O equipo sénior deste ano

tos, partidos e demais momentos de que se cumpre todo o que nos marcan e iso condicionáanos tanto economicamente como deportivamente".

PROXECTO DE FUTURO. Todos os anos o club plantéxase un reto o un proxecto para levar a cabo. Un dos máis habituais é a formación dun equipo xuvenil para poder nutrir ao conxunto sénior. Esta idea, que ronda todos os anos e que se viu materializada a finais dos anos 80 cando Pepe Vallejo e Suso Alvaríño presidían o club, foi descartada en varias ocasións por dous puntos negativos, por unha banda a escaseza de nenos no municipio e tamén pola dificultade económica que supón ser un club modesto. "Sabemos que sería importante para darlle continuidade ao fútbol en Muimenta poder ter equipo de base pero non o damos materializado", engade Miguel Vázquez, directivo do club.

Para este ano non queren desvelar cal será o novo proxecto no que traballarán pero si afirmar que mantén o obxectivo de sempre de que "siga existindo fútbol en Muimenta e se poidan xuntar os amigos no campo".

De feito, o club está moi respaldado pola súa afección, "sempre están aí para axudarnos no que necesitemos, estean nos partidos ou non. Moitos deles apóiannos, non só coa aportación económica, senón axudando no mantemento das instalacións ou dándonos consellos e opinións para mellorar e facer máis fácil o día a día. Polo que cando toda esta alerta da covid remate o club preparará unha xuntanza para recuperar esa unión de xogadores, socios e todos os que traballan ao seu lado desfrutando das instalacións do club. No capítulo de necesidades, o club reitera unha carencia económica e a falta de xogadores, "xente da zona que queira vir ao campo e adestar e xogar desinteresadamente", indica Miguel. Porque o tema económico é sempre o eixo do mantemento do club. As instalacións que hai dentro dos terreos da SD Muimenta son do pobo entón necesítase bastante axuda. Os socios e negocios da localidade son principalmente o sustento desta aportación económica que necesita o club, que tamén conta coa colaboración do Concello, a Deputación, a Xunta de Galicia e a Federación.

Regresou este mes o BTTeando por Guitiriz

Tras o parón pola pandemia da covid-19 chega a IV edición do BTTeando por Guitiriz, unha serie de rutas en bicicleta polos sitios máis característicos do municipio organizada polo Concello de Guitiriz en colaboración co Club BTTeiros Cova da Serpe. Levarase a cabo unha saída ao mes desde novembro ata maio de 2022. As persoas interesadas poderán anortarse no Concello ou no Club BTTeiros Cova da Serpe antes de cada roteiro.



ATLETISMO FRIOL. Gran actuación do Atletismo Friol no pasado Campionato Galego de Cross por relevos mixtos disputado en Pontevedra e onde o equipo friolense logrou un brillante segundo posto na proba absoluta.

A segunda edición do Slalom de Guitiriz será o día 20 deste mes

A escuadra Scratch Fene organiza por segundo ano consecutivo o II Slalom Concello de Guitiriz Gran Premio Roteiro da Auga, que terá lugar o próximo 20 de novembro. Trátase dunha proba de carácter nacional e puntuable para o campionato de Galicia de slalom.

A proba dará comezo ás 8.30 horas coas verificacións técnicas, seguido do tradicional briefing cos pilotos tralo que se publicará a lista de admitidos. Os adestramentos serán en dúas mangas e están previstos a partir das 11.00 horas.

A competición iniciarase ás 15.45 dende o Campo da Feira de Guitiriz facendo o percorrido pola súa contorna.

O prazo para inscribirse nesta competición xa está aberto e ten como



data límite ás 20.00 horas do mércores 17. As solicitudes deberán remitirse por correo electrónico á dirección edvilo@hotmail.com. E para aqueles que desexen máis información, poden chamar ao número de teléfono 671.50.81.62.



AGRO

Comezou o pago dos anticipos da PAC

A partires do 28 de outubro, a Xunta, a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), comezará a facer efectivo o pagamento do anticipo das axudas directas da PAC correspondentes á campaña 2021-2022. En total, serán 36.940.043 euros que beneficiarán uns 15.000 agricultores e gandeiros galegos. Estes importes corresponden ás liñas de vacas nutrices e de vacún de leite.

Ademais, no mes de decembro prevese realizar por parte do Fogga un novo pago de axudas directas, por valor de máis de 106 millóns de euros, así como o pago de desenvolvemento rural correspondente a zonas con limitacións naturais, por importe de 17,2 millóns de euros. Estes pagos beneficiarán, en conxunto, a máis de 25.000 agricultores e gandeiros da nosa comunidade.

Así, o Fogga realizará o pago de anticipos tras a realización das comprobacións administrativas e dos controis obrigatorios. Este organismo pagador, adscrito á Consellería do Medio Rural, efectuará o pago do 70% da axuda total, o máximo establecido pola Comisión Europea.

Os gandeiros saen á rúa

Novembro reuniu varias accións para protestar polo prezo do leite en orixe, unha tractorada en Lugo e unha concentración ante Lactalis de Vilalba

Os gandeiros de Lugo saíron á rúa para reclamar unha suba do prezo do leite en orixe que compense o “incremento desmesurado” dos custos de produción que están a sufrir as explotacións como consecuencia da suba do prezo da luz, o gasóleo e os pensos.

A protesta, convocada pola asociación de gandeiros e gandeiras Agromuralla, arrincou diante do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo no que xuntaron arredor dun millar de tractores e destacou un carro de bues que carretaba un ataúde con coroas de flores.

A protesta discorreu sen maior problema polas rúas da cidade até rematar diante da Subdelegación do Goberno, na rúa Armanyá.

Por outra banda, máis de 500 gandeiros congregáronse ás portas de Lactalis en Vilalba para denunciar “os abusos das principais industrias lácteas que operan en Galicia e demandar prezos dignos para o leite



Concentración de tractores en Lugo

galego”. Os produtores atenderon a convocatoria de Unións Agrarias; durante a que se bloqueou o acceso á planta e se verteu unha cisterna de leite en sinal de protesta polos baixos prezos en orixe.

Unións Agrarias considera intolerable que Lactalis, ao igual que Larsa, “se resista a cumprir coa lei e a trasladar aos produtores un incremento do prezo do leite que lles permita afrontar a forte suba de custos de

produción que leva meses afogando ás granxas”. A organización denuncia unha actitude especialmente sangrante no contexto actual; “cando as industrias levan meses vendo aumentar os seus ingresos a causa da revalorización do leite nos puntos de venda e o aumento das cotizacións dos derivados lácteos. Dous factores que están a supoñer un aumento dos ingresos de 9 céntimos de euro por litro de leite”, din.

Publicada a resolución de axudas apícolas

A Consellería do Medio Rural convocou as axudas para mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura.

A convocatoria vai destinada a particulares titulares de explotacións apícolas, cooperativas, organizacións representativas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia. En Lugo recibirán estes apoios a Asociación Provincial Lucense de Apicultura, Mielles Anta, Pazo de Lusío, Gosto Produtores e un particular.

Ademais, entre os beneficiarios hai asociacións a nivel galego que tamén agrupan a produtores da provincia de Lugo. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica todos os detalles da resolución, que no conxunto da Comunidade distribuirá 1,3 millóns de euros entre 24 adxudicatarios, sendo o total de apicultores beneficiados por estas axudas de 1.949, 514 deles da provincia de Lugo.

Como novidade, este ano apóiase a adquisición de métodos para a captura, eliminación e control da avespa velutina.

Homo homini lupus

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Este mes o artigo vai nun enfoque máis “polémico” e con el quero facer unha pequena reflexión de que hai que analizar os feitos e ver que as cousas non son tan simples como parecen, e que as veces é máis doado buscar un culpable que analizar os problemas, máis difíciles pero que de resolverse o conto cambiaría moito.

Durante estes meses estivemos vendo a polémica da introdución do lobo no catálogo de especies protexidas. E falouse moito de que ía ser a fin da gandaría... O final empregouse o lobo como outra arma máis nas leas políticas que temos todos os días. En Galicia realmente a introdución non supuxo un cambio legal (non se considera unha especie cinxética, e só se autorizaban batidas por danos por parte da Xunta, (que nos últimos anos non conseguiron cazar ningún, bueno, mataron un can en Friol),

e agora despois de todo ese rebumbio... Soubemos que esa protección implicaba que os orzamentos que aumentan de xeito substancial (aínda que non chegamos o que debera ser). Isto o final é o mesmo conto de sempre, as administracións elas máis doado culpar a un animal que analizar cal é o verdadeiro lobo que acaba cas explotacións.

Por un lado temos unha nefasta política rural na que dun lado eliminamos a nosa floresta e monte raso (por certo, hábitat de esas especies que tantos quebradizos de cabeza dan) e polo outro tamén temos unha perda brutal de terras de cultivo e todo para ter un só cultivo (e falamos do eucalipto) que depende dunha soa empresa que nin paga os seus impostos aquí... Xa sen mencionar a cuestión medioambiental, economicamente é un suicidio (como todo o mundo da costa de Galicia sabe).

Por outra banda e relacionado con isto dende os 90 promociounouse que cada vez teñamos menos granxas e con máis cabezas de gando, cunha insuficiente superficie agraria e moi dependen-

te de ter que comprar materias primas de fóra, e vemos que cando un traballa cuns marxes case inexistentes, cando se produce unha suba de enerxía e materiais... ese marxe desaparece... e as explotacións agonizan... e para poñer o último cravo no ataúde... temos unha distribución de venda da carne e do leite que paga por debaixo dos custos de produción... Pois apaga e vámonos.

Señores, o lobo que acaba cos gandeiros non é outro que o que se senta nun despacho e vai de traxe. É aquel que fixa uns prezos de pena de carne e leite, o mesmo que vende a perdas en grandes superficies comerciais ou os lobbies mineiros e das eléctricas cos seus megaparques eólicos que poden ocupar terras agrarias. As comarcas gandeiras son as

que fixan poboación no rural, esas gandaría con bos manexos son neutras na produción de metano e CO2.

O que precisamos son medidas de apoio a gandaría e a vida no rural, ter os mesmos accesos a telecomunicacións (eso facilitaría o establecemento de negocios agrogandeiros que sexan a vez produtores e vendedores), establecer leis que impidan as grandes distribuidores que poidan mercar tanto o leite como a carne a prezos por debaixo de custo de produción, potenciar que os propios produtores sexan os vendedores do seu produto, impedir de que poidamos ver produtos foráneos que se venden a prezos moito máis baixos que os de aquí (como ver carne de vaca de Polonia nun supermercado galego que se vende por debaixo

do prezo de produción e que non ten os mesmos niveis de benestar e calidade hixiénico-sanitario que aquí). Reducir o IVE dos produtos agrogandeiros, que se potencia o consumo de produtos de proximidade e que de verdade se compensen os danos por fauna salvaxe e que se den axudas de verdade para a prevención dos mesmos. E que non se permita que o noso rural se convirza nun deserto verde de eucaliptos e eólicos e que se remate co pouco do noso monte en estado natural que o único que fai é empurrar os animais salvaxes a meterse nas terras agrarias.

O lobo de verdade, o depredador do noso rural é un home traxeado... e como di a frase do escritor latino Plauto “Homo homini lupus” que significa literalmente “O home é un lobo para o home”.

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRACHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tlf 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

TERRA CHÁ



Cemiterio de Goiriz, en Vilalba

Pedirán a declaración BIC para os cemiterios neogóticos da zona

O Bloque Nacionalista Galego presentará no Parlamento galego a proposta de declaración BIC dos cemiterios neogóticos da Terra Chá. Esta iniciativa vai acompañada tamén dun plan de usos destas instalacións fúnebres, o que garante a súa protección sen provocar dificultades e prexuízos ás propietarias e propietarios.

A deputada por Lugo do BNG, Olalla Rodil, sinalou que estes espazos fúnebres son únicos en Galiza “cemiterios como os de Goiriz, Alba, Román, Rioaveso ou Xermar nos concellos de Vilalba e Cospeito constitúen un patrimonio material do século XVI de enorme valor artístico e cultural e un elemento único da paisaxe da Terra Chá, mostra do traballo dos canteiros da comarca”.

Neste senso, Olalla Rodil subliñou a necesidade desta pro-

tección “as administracións públicas deben pór en valor e difundir a súa historia, por isto desde o BNG defenderemos no Parlamento galego a que desenvolvan estas accións, ningún país prescindiría nin relegaría un elemento como son estes espazos” dixo a deputada. Desde o BNG defenden que esta protección amparada pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza, a cal non suporá ningunha traba para as usuarias e usuarios, xa que nesta iniciativa inclúe a creación dun plan de usos. A deputada enfatizou a importancia desta medida “son espazos funerarios nos que moitas persoas teñen soterrados os seus familiares e en ningún caso queremos que a protección do patrimonio lles cause prexuízos” declarou Olalla Rodil.

O PSOE pedirá ubicar na Pastoriza a planta de residuos de Aldurfe

A secretaria Provincial e deputada autonómica, Patricia Otero defenderá unha batería de iniciativas parlamentarias coas que reclama, ao Goberno de Feijóo, emprazar a nova planta de residuos que dará servizo aos concellos de Riotorto, Meira, Pol, A Pastoriza, A Pontenova e Ribeira de Piquín, no Punto Limpo Serra de Meira en Xuncás (A Pastoriza), que xa conta con dotacións de auga, luz e accesos.

A deputada lamentou a falla de diálogo da Xunta nun tema tan importante como a xestión dos residuos, “e onde hai 6 concellos afectados, pero lamentablemente dende o sectarismo político habitual do PP só se escoitou ao único onde goberna, é dicir o concello de Riotorto”, dixo.

Así as cousas lembra “que o pasado 27 de setembro a conselleira de Medio Ambiente anunciou que a parroquia de Aldurfe, no concello de Riotorto, ía ubicarse a nova planta de residuos. Pero unha vez anunciado este emprazamento, e trala presión dos veciños e veciñas que viron como este proxecto da planta afectaba ás súas explotacións gandeiras e incluso ás súas vivendas, a Xunta, a Conselleira e o Concello de Riotorto recuaron con esta radicación, e nestes intres están a buscar un novo emprazamento dentro do concello de Riotorto”.

“O emprazamento de Aldurfe foi un completo desatino e tamén unha improvisación por parte da Conselleira, que a día de hoxe aínda non resolveu esta situación. A veciñanza, os gandeiros, os alcaldes,



Os alcaldes socialistas dos concellos afectados pola planta

os grupos políticos progresistas, as asociacións veciñais, os sindicatos agrarios foron un clamor social contra este emprazamento”, replicou a deputada.

Advirte que “os alcaldes afectados neste proceso tamén amosaron o seu rexeitamento desta ubicación en Aldurfe. E diante desta situación así como do ninguneo total por parte da Xunta, enviaron unha carta ao Goberno galego no que se queixaban da falla de transparencia e opacidade coa que Sogama, dependente da Consellería de Medio Ambiente, e o Concello de Riotorto actuaron coa nova da planta de residuos urbanos”, lembrou.

Os alcaldes da Pontenova, Meira, Pol, Pastoriza e Ribeira de Piquín explican que esta planta nese emprazamento encarecería considerablemente os custos económicos desta nova dotación, xa que o punto limpo Serra de Meira en Xuncás (A Pastoriza) xa conta con infraes-

trutura e non se partiría de cero como no caso de Riotorto. Ademais de que a estes concellos implicados lles afectaría negativamente o emprazamento en Riotorto por mor da distancia e dos quilómetros existentes entre os concellos.

Nas iniciativas rexistradas na Cámara Autonómica, dende o PSdeG queren coñecer cal ou cales son o motivos que xustifican que a Xunta de Galicia queira instalar a nova planta de residuos no concello de Riotorto?. Si a Xunta pensa que o concello de Riotorto é o mellor emprazamento para esta nova planta de residuos que ademais tamén presta servizo aos concellos da Pastoriza, A Pontenova, Meira, Pol e Ribeira de Piquín?. E por último, “porque non valora a Xunta de Galicia emprazar esta nova planta de residuos no punto limpo Serra de Meira en Xuncás (A Pastoriza) que xa conta con dotacións de auga, luz e con accesos?”.

Porque una buena web empieza... por lo que no se ve

PARALELO43

Si te planteas tener una web, cambiar la que tienes, mejorarla... llámanos 607 963 291 porque un buen funcionamiento empieza por dentro



A covid ameaza con volver estenderse coa chegada do mal tempo

Coa retirada da alerta sanitaria e o alivio da práctica totalidade das restricións, a pandemia da covid dábase por superada, pero nada máis lonxe da realidade. A vacinación funciona pero, como se explicou, non impide o contaxio.

Con esta situación e a baixada da garda, provocou que se estea a producir un novo aumento de contaxios. Este crecemento, aínda que leve, aumenta o ritmo, algo que preocupa ás autoridades sanitarias.

Pol de pronto, dende o comité clí-

nico avanzaron que se a situación segue a empeorar volverán as restricións, que pasarán por restrinxir accesos aos non vacinados.

Os mellores datos para a provincia estiveron durante o mes de outubro pero xa se prevía un incremento da infección coa chegada do mal tempo. Tamén están a realizar a vacinación da terceira dose naqueles colectivos escollidos pola súa idade ou situación sanitaria.

O uso da máscara segue a ser obrigado en todos os espazos de interior.

Crean unha plataforma anti-eólicos contra os proxectos da comarca

Piden aos concellos un posicionamento claro e organizan as alegacións

A Plataforma Anti-Eólicos Terra Chá, xurdida a raíz do anuncio do Parque Eólico Santuario, que afecta fundamentalmente aos concellos de Xermade, Vilalba e Guitiriz, vén de rexistrar no Concello de Xermade un escrito solicitando o posicionamento do pleno municipal contra o recentemente publicado proxecto de parque eólico Mistral.

O escrito, dirixido tanto à Alcaldía como aos distintos grupos políticos que conforman a corporación municipal (PsdeG e PP), busca tanto a oposición a este parque como aos proxectos deste tipo no seu conxunto. Recentemente xa foi anunciado e tivo o seu período de alegacións o PE Santuario, de 180mw. O agora anunciado Mistral, de 100,8 mw, solapa en parte a área solicitada por Santuario.

“A tónica dominante nesta avalancha de solicitudes presentadas polas eléctricas perante a administración, concretamente e arredor das Pontes e as futuras ou hipotéticas plantas xeradoras de hidróxeno, ten como obxectivo crear toda unha sorte de parques limitantes uns cos outros ou mesmo solapados que aspiran a converter boa parte da terra Chá e das Terras do Eume nun grande parque

eólico”, explica este colectivo.

“A desproporción das áreas poligonais solicitadas polas empresas garanten uns dereitos de explotación destas sobre amplas zonas agrarias e forestais. Aldeas e mesmo parroquias enteiras quedarían recalificadas e entregadas á vontade das mesmas empresas que agora nos están a atracar co prezo da electri-

cidade: róbannos a terra para vendernos a luz”, engaden.

Afirman no seu escrito que a implantación destes parques non só suporán novas cargas ou dereitos sobre a propiedade. “Poñen en grave xaque a continuidade de explotacións agrarias e gandeiras, as súas infraestruturas danan traídas de auga, vias e peches de propiedades. A súa



atividade, desde a montaxe a logo durante o funcionamento, supón unha perturbación constante na vida das persoas que teñen a desgraza de ficar baixo a área de influencia tanto dos muiños, que neste caso acadan a altura de 200m, como dos distintos elementos necesarios para a evacuación e transformación da electricidade. Nen que dicer ten a xa probada perda de valor (até un 30%) das propiedades que fican encadradas tanto nas poligonais como na contorna máis inmediata destes parques. Supoñen, entón, unha puñalada mortal para un xa dabondo danado rural xermadés onde a poboación descende ano tras ano e a media de idade aumenta de maneira case irreversible”, din.

Conclúen que apelan ao ben común e ao sentido de responsabilidade das forzas políticas locais.

A Plataforma Terra Chá foi creada para aglutinar a contestación veciñal aos proxectos macroeólicos da comarca. É de adscrición individual

e está aberta a toda canta persoa se queira integrar nela “para defender un medio rural e unhas aldeas cun futuro libres da ameaza da predación das grandes corporacións enerxéticas”.

CHARLAS DO SLG. Na actualidade está en exposición pública e prazo de alegacións ata o 22 de novembro o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Mistral de 100,8 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia de Lugo. BOP LUGO número 161, 7 DE OUTUBRO DE 2021. Código do proxecto: PEol-334 AC, proxecto que afecta os concellos da Terra Chá Xermade e Guitiriz, segundo informa o Sindicato Labrego Galego.

Ademais están a realizar varias assembleas informativas para explicar a situación aos veciños. Quedan aun por celebrar o 16 na asociación de Cabreiros e o 17 na escola de Miraz, ás dúas ás 16.00 horas.

Alegacións na Pastoriza

O Concello da Pastoriza xa está a estudar a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Ruliña e a súa infraestrutura de evacuación, e anunciou que presentará as alegacións que os estudos técnicos determinen “para protexer os intereses de toda a veciñanza”.

O Parque eólico Ruliña, solicitado por Green Capital, constará de 65 MW de potencia nominal e estará integrado por trece aerogeneradores tripala de 145 metros de diámetro, de 5.000 kW de potencia nominal unitaria e 127,5 m de altura.

Para levar a cabo esta evacuación

de enerxía, entran en xogo distintas instalacións eléctricas con centros de transformación en cada un dos aerogeneradores, 0,69/30 kV, unha rede subterránea de media tensión de evacuación, 30 kV, unha subestación elevadora de tensión Ruliña 30/132 kV, a liña aérea de Alta Tensión de evacuación 132 kV e a subestación do punto de conexión Fonte Barreiros 30/132 kV. Este proxecto afecta aos concellos de Abadín, Cospeito, A Pastoriza, Mondoñedo, Lourenzán, Trabada e Barreiro e ten un orzamento de 57.424.831,30 euros.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	RÁBADA Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	RIORTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02	FRIOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05	VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11
CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14	GUITIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	XERMADE Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

COLABORACIÓNS

Enésima puñalada

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Da noite para a mañá, a multinacional con orixe en Dinamarca, Vestas, anunciou o peche da factoría ubicada en Chavín, concello de Viveiro. Nun comunicado moi elaborado, explican as causas da devandita decisión, escudándose na procura de crear novos produtos e solución para os seus clientes, co obxectivo de acelerar o despregue das enerxías renovables e mellorar a competitividade eólica. Bla, bla, bla.

O resultado inmediato é a destrución de cento quince postos de traballo directos na nosa provincia, na bisbarra da Mariña, que

xa vive co corazón nun puño desde hai meses ante o negro futuro de Alcoa, en San Cibrao. Homes e mulleres ós que lles informaron que buscarán unha reubicación, sen saber onde nin como, pero o certo é que en Viveiro tan só uns poucos poderían ter acomodado. Outra puñalada máis, poderíamos dicir, xa que se repiten procedementos vistos con anterioridade. Asistimos como grandes empresas con sedes en lonxanos lugares escollen o noso territorio para instalarse, creando riqueza en forma de emprego, un ben moi aprezado en calquera lugar, pero moito máis no noso, onde a industrialización resultou moi feble. Estas entidades recibiron substanciaosas axudas das distintas administracións públicas, subvencións ás cales non fixeron noxo precisamente. Pasa o tempo e de súpeto acordan



que xa non lles interesa seguir no mesmo lugar. Entón, escóitanse conceptos que resultan familiares, como por exemplo, deslocalización, unha práctica habitual do capitalismo. Aquí xa conseguimos todo o que podíamos acadar, polo que decidimos recoller os bártulos e marchar para outra parte, que nos están esperando cos brazos abertos, onde produciremos moi

to máis barato e ademais tamén teremos a oportunidade, malo será, de recibir beneficios dos distintos gobernos. A música de sempre e que incompreensiblemente se lles permite seguir interpretando. De inmediato, as protestas e manifestacións dos directamente afectados, os empregados desas factorías, quen contan en xeral co apoio e a empatía do entorno, xa que este tamén se verá moi prexudicado, incluído o poder político con declaración sentidas, comprometéndose a traballar para evitar o peche, pero uns polos outros, o certo é que solucións non se albiscan. Tamén asistimos a iniciativas novedosas de loita, como a de Álex Paleo, quen percorreu os 2.800 quilómetros que separan Viveiro da cidade dinamarquesa de Aarhus, para entregarlles unha carta ós directivos da multinacio-

nal solicitando que non se peche a planta de Chavín. Álex, de corenta anos, un ciclista profesional no pasado, un traballador máis que ve perigar o seu futuro, foi acompañado na súa viaxe durante trece días por outros dous compañeiros que lle prestaron apoio nas duras etapas, Breixo e Guille. Una vez chegados a Dinamarca, os traballadores entrevistáronse con directivos de Vestas, os cales, amablemente e de maneira moi cordial, explicaron que comprendían a súa angustia, pero que era unha cuestión empresarial, de números, é dicir, de cartos. A empresa toma esa decisión sen ter en conta o dano que pode chegar a infrinxir, porque nos seus balances, o despedido de ducias de operarios e o empobrecemento dun pobo, non teñen cabida. É o que hai

O latrocinio e a usura das eléctricas

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Nunha rolda de prensa dicíalle un periodista ao presidente de México, Antonio Manuel López Obrador, "...que moitas empresas españolas desexarían volver a México, pero vótanse para atrás. Por iso lle volvo a formular a pregunta: Que temos que facer, indo das mans como irmáns que somos, para que estas relacións xeren esa confianza que lles fai falta aos mexicanos que van a España e aos españois que veñen a América?", ao que, con toda parsimonia e a tranquilidade que o caracteriza, contestou sen acritude: "Pois o que se ten que entender é que hai una nova realidade en México e xa non se permite roubar. Iso é todo".

É certo que nos países suramericanos que teñen gobernos de dereitas as multinacionais españolas que operan neses países fan verdadeiros latrocinios, como si seguisen sendo colonias españolas, chegando incluso ao asasinato de sindicalistas e de dirixentes indíxenas que se opoñen aos seus intereses, como seica

fixo Unión Fenosa, á que chaman "Unión Perigosa" en Guatemala e á que vinculan co narcotráfico e acusan, segundo "Radio Mundo Real" e varias páxinas de Internet (ver <http://www.radiomundoreal.fm/Union-peligrosa>), de contratar sicarios que asasinaron a varios activistas sindicais nese país, como din que fixeron con Carlos Gálvez, Evelinda Ramírez e outra persoa máis, para sacar o maior beneficio, con unhas liñas e infraestruturas abandonadas e terceiromundistas.

Para rematar con este roubo, o presidente Mexicano vai nacionalizar esas empresas, pero non fai así o timorato e acovardado cos poderosos, o Presidente do "Goberno mais progresista da historia". Nin o procónsul madrileño da Xunta, que anda abrazando ao lobby eléctrico como o borracho abraza os farois, para que pola porta xiratoria coloquen hoxe aos seus amigos nos Consellos de Administración dos oligopolios e agarda que o coloquen tamén a el o día de mañá. Por iso nin sequera está disposto a recuperar para beneficio do pobo os encoros hidroeléctricos nin os parques eólicos que remataron a adxudicación.

Un exemplo da voracidade descomunal das eléctricas españo-

las témola ao ver que en Portugal, tendo o mesmo mercado, non afecta tanto a subida da luz, mentres no Estado Español pulverizáronse todos os récores vistos até o de agora, alcanzando un prezo máximo de 288,53/MWh. o pasado 7 de outubro, pero en Portugal as subidas apenas lles afectaron, porque a súa factura



está no mercado libre e aquí a maior parte dos consumidores témola no mercado regulado. Tanto é así que algúns lusos recoñecen que alí non se fala da luz e incluso, non teñen constancia de que subira.

Na Galiza, no ano 2020, a xeración de electricidade só con fontes renovábeis superou o consumo interno, polo que a enerxía que consumimos na nosa terra é producida co mínimo coste, pero

pagámola ao máximo. Isto tamén destapa o mentireiro argumento que utilizaba Rajoy de que subía a factura porque non chovía nin facía aire, xa que choiva a brollón ou haxa furacáns, estas compañías do capitalismo salvaxe seguen cobrando o máximo para mellorar as contas de resultados, pois o sistema de determinación do prezo aprobado polo Goberno permítelles cobrárnola coma si se producira toda con carbón ou gas natural, que son as formas mais caras de produción. Algo así como se imos á praza e mercamos touciño, leite, patacas e percebes e temos que pagar todo iso ao prezo dos percebes.

Iso explica porque, no seu desmedido afán de beneficios, nun acto delituoso deixaron os pantanos baixo mínimos, co conseguinte prexuízo para o ecosistema e co fin de cobrar o producido coa auga almacenada a prezo de ouro; delito polo que gañaron centos de millóns de euros e polo que Feijóo lles impuxo unha multa de 25.000, que é o que gaña nun día o presidente de Iberdrola, Ignacio Sánchez Galán, co que anda continuamente abrazado.

Eles tamén consideran Galiza unha colonia que exportamos carne humana e materias pri-

mas, levando os nosos recursos sen ningún beneficio para o noso pobo. Sendo produtores, pagamos a factura mais cara que os que a levan para o centro do imperio e nin sequera temos dereito a unha compensación. Tanto o goberno central coma o da Xunta están contra unha tarifa galega, porque seica sería unha discriminación para o resto do Estado, pasando así a ser nós os discriminados.

Aquí non temos un presidente que diga que "xa non se permite roubar", senón que mais ben incitan o contrario; aquí tampouco as eléctricas inverten nada, ao igual que en México e no resto da América latina, polo que temos unhas liñas terceiromundistas e cortes de luz a cada pouco; os mellores vales asolagados por pantanos, os montes cheos de xigantes muiños de vento e liñas de evacuación, que tamén pagamos nós, levan gratuitamente o noso prezado produto para que alímente industrias alleas que crean riqueza noutras terras e que encima non cotizan aquí, senón no paraíso fiscal madrileño.

Penso que xa é hora de dar un golpe na mesa, sen acritude pero con firmeza, esixindo o que é noso, para darnos a respectar e que non se rían de nós.

Fálalle galego

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

Cando se cumpren trinta e oito anos da entrada en vigor da lei de normalización lingüística de Galicia, o último estudo da Real Academia Galega constata unha realidade denunciada nos últimos tempos dende diferentes ámbitos: o efecto de substitución lingüística que exerce o sistema educativo nos menores e, en particular, sobre aqueles que se incorporan á escola falando en galego e o abandonan progresivamente a medida que avanzan de etapa. Dende 1983, cando entrou en vigor a devandita norma, tivemos tempo dabondo para avanzar no uso progresivo da lingua nos distintos eidos, en sintonía co espírito do texto legal e o esforzo construtivo de recuperación da nosa personalidade colectiva; pero lamentablemente non é así.

Pertenzo á primeira xeración de rapaces que recibimos con ledicia a chegada do galego ao ensino, un feito que nos fixo tomar conciencia de que a súa aprendizaxe é un dereito e un deber para calquera cidadán, e así debería entenderse tamén por parte dos poderes públicos e o conxunto das forzas políticas. Con esta idea, cómpre definir accións dinámicas que fomenten o seu uso nos diferentes sectores (educación, xustiza, sanidade, economía...), de tal xeito que estea máis presente nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras da vida cotián.

Moitas persoas da miña xeración adoptamos un forte compromiso coa lingua; pero trinta e oito anos despois decatámonos de que aínda estamos moi lonxe de acadar a meta. Hai que aprobar materias pendentes, entre elas o comportamento dos medios de comunicación respecto ao noso idioma, pois o castelán segue a ser predominante na televisión, na radio e na prensa escrita, pero tamén nas redes sociais. Non se trata só de publicar portadas en galego coincidindo con datas sinaladas, coma o Día Nacional de Galicia ou o das Letras Galegas. Iso é un folclorismo. Así o reclamamos no seu día dende a Asociación de Medios en Galego, creada en 2013 a raíz da campaña mediática "Vitaminas para o galego", e lamentamos a discriminación da Xunta de Galicia sobre os medios escritos na nosa lingua en relación aos que o fan en castelán. A súa existencia é decisiva para a pervivencia da propia cultura, da información en clave de país e tamén para a crea-



ción de novos postos de traballo para os profesionais da información da nosa terra. De feito, a Administración autonómica está obrigada a potenciar a extensión e o uso do galego non só por mandato legal, senón tamén por ser a lingua propia do país que goberna e ser, coas outras administracións, un referente de prestixio.

Na actualidade o castelán está a subir chanzos na escada lingüística, segundo os datos recopilados pola Real Academia Galega e polo Consello da Cultura. Chama poderosamente a atención o feito de que nos últimos anos diminuíse o número de galegofalantes nas grandes vilas e cidades, sobre todo entre as novas xeracións. Isto débese, en boa medida, ás modificacións legislativas postas en marcha polos sucesivos gobernos de Núñez Feijóo, en especial o decreto do plurilingüismo, que entrou en colisión co natural desenvolvemento da lei de normalización lingüística e o fomento do uso progresivo do galego, rachando co consenso político acadado no seu día

entre todos os partidos con representación no Parlamento de Galicia. Deberíamos recuperar aquel slogan de finais da década dos oitenta, que deu nome a unha das primeiras e celebradas campañas de sensibilización: Fálalle galego.

Mención á parte merece o labor desenvolvido por organizacións en defensa do noso idioma coma a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística ou a Mesa pola Normalización Lingüística, que non só protagonizan importantes iniciativas entre o funcionariado, senón que dinamizan o proceso normalizador ao formularen e propoñeren diferentes alternativas para avanzar no mesmo.

Porén, trinta e oito anos despois leo as noticias nos papeis e, en liñas xerais, soamente vexo declaracións de intencións cheas de palabras baleiras de contido. Non hai un plantexamento rigoroso. O dano feito con aquel decreto incluso foi recoñecido indirectamente polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, cando se referiu en varias ocasións a necesidade dun "plan para potenciar o uso do galego entre a mocidade". A pregunta do millón é: Estamos aínda a tempo de salvar ao noso idioma? A responsabilidade de esixirillo á Xunta é de todos, chegou o intre de rematar coas políticas erráticas e actuar con decisión e firmeza para reivindicar a riqueza do patrimonio lingüístico, evitando a desintegración da nosa identidade coma pobo. É o momento de erguer esta bandeira sen complexos e de fomentar o discurso galeguista cara ao conxunto da sociedade.

ELISARDO BARCALA




a elección de...



María José López López
Concelleira de Servizos Sociais,
Benestar e Cultura de Castro de Rei

un libro



Nunca sabes a dónde te lleva la vida

un disco



Calquera de Café Quijano

unha película



La vida es bella

un personaxe histórico



Rosalía de Castro

un lugar para visitar



Grecia

unha afección



Manualidades

unha comida



Unha paella

unha bebida



Non bebo, en momentos puntuais un gin tónico

Consulta os eventos en:
www.terrachaxa.com

TAHONA CURRÁS



HORARIO



San Roque

Lunes a viernes
8.00 a 14.30
17.00 a 21.00

Sábados/domingo feira
08.00 a 14.30

982 510 062

Novo Cazón

Lunes a viernes
9.00 a 14.00
15.30 a 20.30

Sábado
09.00 a 14.00

620 417 383

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Na busca do pasado da Torre de Caldaloba

Os últimos estudos realizados no monumento indican que este podería estar construído sobre un asentamento castrexo

A Torre de Caldaloba, no Concello de Cospeito, podería estar construída sobre un asentamento castrexo previo que foi alterado e rachado en época medieval. Así se desprende das conclusións feitas polos arqueólogos no último estudo realizado.

En concreto, tendo os valores culturais que posúe esta edificación, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que xa actuou sobre a estrutura deste ben entre os anos 1998 e 2002, impulsou unha serie de traballos de investigación arqueolóxica coa finalidade de favorecer a súa caracterización espacial e funcional e que sirvan de base para posibles futuras actuacións arqueolóxicas e de restauración que se queiran levar a cabo sobre o ben.

Así, mediante esta actuación, leváronse a cabo tarefas de limpeza nunha superficie de aproximadamente 10.000 metros cadrados coa finalidade de eliminar a maleza existente e identificar,



Unha vista aérea da Torre de Caldaloba

delimitar e documentar os principais elementos do xacemento. Así mesmo, os traballos tamén incluíron o levantamento topográfico mediante fotogrametría de toda a superficie, a toma de imaxes e a prospección arqueolóxica da zona para a súa caracterización histórica.

Ademais do pasado castrexo desta zona, os traballos tamén documentaron a existencia de dous proxectís de trabuco medieval procedentes, probablemente, do ataque a esta fortaleza.

CONSTRUCCIÓN. O castelo de Vilaxoán, na parroquia de San Martiño de Pino, é un castelo de época medieval datado nos séculos XIV-XV do que se conserva en pé unicamente a Torre da Caldaloba. Trátase dunha torre cunha importante significación histórica debido a súa relación cos Irmandiños e co Mariscal Pardo de Cela e que conta coa condición de Ben de Interese Cultural.


O outeiro no que se alza a torre de 25 metros xa foi utilizado na prehistoria: din que era un castro, situado no que logo se chamou o coto de Matogueira, dominando a zona entre Vilalba e os ríos Tâmo-

ga e Miño. Os catro fosos permanecen cubertos pola vexetación, pero están. De modo que na Idade Media levantáronse a torre e os lenzos da muralla. Destes nada queda na práctica, pero a torre resiste: catro plantas, mampostería de granito nas esquinas e lousa moi grosa no resto, planta cadrada e unha bóveda na parte superior. Bóveda da que só é posible admirar os arranques dos arcos, rematados en ménsulas.

Antes de 1423 comprouno o Conde Fadrique Enríquez de Castro e máis tarde a torre foi atacada e danada polos Irmandiños. Logo, cando foi decapitado o Mariscal Pardo de Cela, a súa viúva e Fernán Ares resistiron en Caldaloba o asedio do Gobernador dos Reis Católicos, Diego López de Aro ata que se rompeu o alxibe e venceu-no a sede. Despois desmantelárase e nunca se rehabilitou e en

1775 din que se vendía a pedras dos seus entullos.

O que non conseguiu destruír o tempo foi acabar coa lenda que afirma que existe un túnel ata o pazo homónimo.



Muro do interior da torre



Unha visita á torre tralos labores de acondicionamento da zona



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05